Conservatorio Profesional de Música de Carballo

Programación Didáctica de Repentización e Acompañamento

Acordeón

Curso Académico 2026/2027

Índice

1 Introdución ... 3
1.1 Marco legal ... 4
2 Obxectivos xerais das ensinanzas musicais ... 5
2.1 Grao profesional ... 5
3 Obxectivos específicos das ensinanzas musicais ... 5
4 Metodoloxía ... 6
4.1 Principios metodolóxicos ... 6
4.2 Métodos didácticos ... 7
4.3 Profesorado ... 8
5 Atención á diversidade ... 8
6 Temas transversais ... 9
6.1 Educación en valores ... 9
6.2 Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC´s) ... 10
7 Actividades culturais e de promoción das ensinanzas ... 11
7.1 Actos institucionais ... 11
7.2 Cursos, clases maxistrais e conferencias ... 11
7.3 Outros ... 11
8 Secuenciación do curso ... 11
8.1 Curso: 4º Grao Profesional ... 11
8.1.1 Obxectivos ... 11
8.1.2 Contidos ... 12
8.1.3 Avaliación ... 13
8.1.4 Medidas de recuperación ... 20
8.1.5 Recursos didácticos ... 21
8.2 Curso: 5º Grao Profesional ... 21
8.2.1 Obxectivos ... 21
8.2.2 Contidos ... 22
8.2.3 Avaliación ... 23
8.2.4 Medidas de recuperación ... 30
8.2.5 Recursos didácticos ... 31
8.3 Curso: 6º Grao Profesional ... 32
8.3.1 Obxectivos ... 32
8.3.2 Contidos ... 32
8.3.3 Avaliación ... 34
8.3.4 Medidas de recuperación ... 41
8.3.5 Recursos didácticos ... 42
9 Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica 42
10 Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento ... 43
11 Anexos ... 43
11.1 Proba de acceso a 5º de Grao Profesional ... 43
11.2 Proba de acceso a 6º de Grao Profesional ... 45

1 Introdución

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece no seu artigo 45 que as ensinanzas artísticas teñen como finalidade proporcionarlle ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais da música.

Dita Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece no seu artigo 6.2º que o Goberno fixará, en relación cos obxectivos, as competencias básicas, os contidos e os criterios de avaliación, os aspectos básicos do currículo que constitúen as ensinanzas mínimas. Ademais, no capítulo VI do título I, a citada Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio fixa as características básicas das ensinanzas profesionais de música, dentro das ensinanzas artísticas. Neste marco, o Real decreto 1577/2006, do 22 de decembro, polo que se fixan os aspectos básicos do currículo das ensinanzas profesionais de música reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, estableceu os aspectos básicos do currículo das ensinanzas profesionais de música. Para a Comunidade Autónoma de Galicia, estes aspectos básicos veñen ditados no Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música.

O Decreto 203/2007, do 27 de setembro establece que as ensinanzas profesionais de música teñen como finalidade proporcionarlle ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais da música. Ademais, a finalidade das ensinanzas profesionais de música ordénase en catro funcións básicas: formativa, orientadora, profesionalizadora e preparatoria para estudos posteriores.

A práctica musical que se realiza baixo o nome de acompañamento caracterízase pola necesidade de relacionar capacidades, coñecementos e destrezas que, por si mesmas, constitúen ámbitos de saberes propios.

O sentido e valor educativo desta disciplina deriva da conveniencia de globalizar os diversos compoñentes que a integran (improvisación, lectura á vista, realización de cifrados, transposición, etc.) por seren comúns, todos eles, á función de acompañar, sen esquecer por iso a experiencia que achega cada un dos devanditos compoñentes por si mesmo. Ambos os aspectos, o funcional e o formativo, son indisociables e complementarios.

Xa que logo, nos contidos básicos desta disciplina débeselles conceder un lugar prioritario aos procedementos ou modos de saber facer que, aínda que resultan de natureza diversa, se articulan ao redor de tres eixes principais: unha certa destreza na técnica de execución, ou, o que vén ser o mesmo, un certo grao de desenvolvemento dos mecanismos reflexos que a determina, adquirida mediante a práctica diaria ao longo dos anos iniciais da educación instrumental e que a repentización e o acompañamento veñen potenciar; plena comprensión dos coñecementos harmónicos previamente adquiridos e a capacidade creativa para desenvolvelos e aplicalos en situacións diversas.

Posto que o obxectivo principal desta disciplina consiste nun proceso práctico de consolidación do pensamento harmónico e da capacidade de realización en tempo real, o conxunto de coñecementos que a integran debe estar relacionado a través dun enfoque pedagóxico común, aínda que na práctica deba ser desagregado en diversos bloques.

Inclúense dentro dos bloques de contidos os seguintes campos de coñecementos:

→ Estudo da improvisación como elemento de formación que capacite, a través da práctica de fórmulas específicas, para elaborar acompañamentos a melodías, así como para construír pequenas

pezas musicais que permitan, por medio de ambos os dous procedementos, obter un primeiro contacto coa improvisación propiamente dita, cuxo estudo en profundidade se poderá abordar dentro do grao superior.

→ Práctica da repentización como procedemento imprescindible para desenvolver automatismos que lle permitan ao instrumentista a realización instantánea do texto musical, asimilando ao propio tempo e de forma inmediata as súas características en canto á época e ao estilo a que pertenza. Polo tanto, non se trata soamente de incrementar a capacidade de automatismo e velocidade na lectura do texto, senón de comprender o sentido dos seus elementos esenciais e interpretalos no instrumento a medida que se le a obra. Por iso, a repentización está estreitamente relacionada coa análise, o que, á vez, depende de toda unha serie de coñecementos teórico-prácticos previamente adquiridos.

→ Destreza na transposición como mecanismo que permite adecuar a tonalidade á tesitura do solista —fundamentalmente na música vocal—, facilita a lectura de partituras de orquestra e, ademais do seu valor funcional, posúe un alto valor formativo que procede, por unha parte, do dominio dos procedementos tradicionais (cambio de claves e armadura, cálculo do número de diferenzas) e, por outra parte, do enfoque sintético que achega a lectura harmónica, grazas ao cal, a estrutura interna dun fragmento musical pode ser interpretada en calquera tonalidade.

→ Realización de cifrados (baixos cifrados, cifrado americano, cifrado funcional), como práctica de acompañamento a unha melodía. Esta práctica permite relacionar de forma inmediata os coñecementos harmónicos coa súa aplicación instrumental e, por exixir un certo grao de creatividade, supón ademais, como se dixo anteriormente, un contacto preliminar á improvisación, cuxo estudo en profundidade se poderá abordar dentro do grao superior.

Os contidos da repentización e acompañamento no grao profesional foron establecidos non só polo seu valor de preparación para coñecementos que se poidan adquirir en cursos posteriores dentro dunha elección propia de especialización profesional, senón tamén polo valor intrínseco que representan na formación dun instrumentista. Por esta última razón, mantéñense dentro do marco de coñecementos considerados indispensables para satisfacer as necesidades habituais do instrumento.

A presente Programación Didáctica baséase na secuenciación dos obxectivos, contidos e criterios de avaliación, realizada a partir do currículo oficial vixente para a materia de Repentización e acompañamento. Nesta programación inclúense os obxectivos e contidos, o enfoque metodolóxico, a avaliación (criterios de avaliación, mínimos esixibles, procedementos e instrumentos de avaliación da aprendizaxe do alumnado, temporalización, criterios de cualificación), materiais e recursos didácticos que se van empregar, e as medidas de atención á diversidade. Engadíronse, ademais, outros apartados considerados de interese e necesidade para levar a cabo o proceso de ensinanza-aprendizaxe.

Esta programación didáctica non pretende presentar unha planificación pechada e definitiva, senón que debe ser entendida coma un instrumento flexible que permita adaptarse ás circunstancias concretas do alumnado en cada momento do seu proceso de aprendizaxe, sirva de marco de referencia para dar forma á nosa ensinanza e garanta que aqueles alumnos e alumnas dun mesmo nivel poidan acceder a unha ensinanza que propicie a consecución dunhas competencias mínimas equiparables.

1.1 Marco legal

Para a elaboración desta programación didáctica tívose en conta a seguinte normativa, clasificada de menor a maior antigüidade atendendo á súa data de publicación:

- → **DECRETO 229/2011, do 7 de decembro**, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- → **DECRETO 223/2010, do 30 de decembro**, polo que se establece o Regulamento orgánico dos conservatorios elementais e profesionais de música e de danza da Comunidade Autónoma de Galicia.
- → **ORDE do 28 de xullo de 2008**, pola que se regulan as probas de acceso ás ensinanzas profesionais de música dispostas no Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música.
- → **ORDE do 8 de febreiro de 2008**, pola que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas profesionais de música que se establecen na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- → **DECRETO 203/2007, do 27 de setembro**, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música.

2 Obxectivos xerais das ensinanzas musicais

2.1 Grao profesional

O artigo 3º do Capítulo I do Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música establece que as ensinanzas profesionais de música teñen como obxectivo contribuír a desenvolver no alumnado as capacidades xerais e os valores cívicos propios do sistema educativo e, ademais, as capacidades seguintes:

a. Habituarse a escoitar música e establecer un concepto estético que permita fundamentar e desenvolver os propios criterios interpretativos.
b. Desenvolver a sensibilidade artística e o criterio estético como fonte de formación e enriquecemento persoal.
c. Analizar e valorar a calidade da música.
d. Coñecer os valores da música e optar polos aspectos xurdidos dela máis axeitados para o desenvolvemento persoal.
e. Participar en actividades de animación musical e cultural que permitan vivir a experiencia de transmitir o gozo da música.
f. Coñecer e empregar con precisión o vocabulario específico relativo aos conceptos científicos da música.
g. Coñecer e valorar o patrimonio musical como parte integrante do patrimonio histórico e cultural.
h. Tomar conciencia da importancia dunha escoita activa como base imprescindible na formación de futuros profesionais.
i. Fomentar a utilización do patrimonio musical en xeral, e a do galego en particular, como medio indispensábel no enriquecemento da persoa e da súa formación musical.

3 Obxectivos específicos das ensinanzas musicais

O Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música recolle, no artigo 6º, os obxectivos específicos destas últimas. Dito artigo

sinala que as ensinanzas profesionais de música deberán contribuír a que o alumnado adquira as capacidades seguintes:

a. Superar con dominio e capacidade crítica os contidos e os obxectivos formulados nas materias que compoñen o currículo da especialidade elixida.
b. Coñecer os elementos básicos das linguaxes musicais, as súas características, as funcións e as transformacións nos contextos históricos.
c. Utilizar o oído interno como base da afinación, da audición harmónica e da interpretación musical.
d. Formar unha imaxe axustada das posibilidades e das características musicais de cada un, tanto a nivel individual como en relación co grupo, coa disposición necesaria para saber integrarse como un membro máis del ou para actuar como responsable do conxunto.
e. Compartir vivencias musicais de grupo na aula e fóra dela que permitan enriquecer a relación afectiva coa música, a través do canto e da participación instrumental en grupo.
f. Valorar o corpo e a mente para utilizar con seguridade a técnica e poder concentrarse na audición e na interpretación.
g. Relacionar e aplicar os coñecementos adquiridos en todas as materias que compoñen o currículo, nas vivencias e nas experiencias propias para acadar unha interpretación artística de calidade.
h. Coñecer e aplicar as técnicas do instrumento ou da voz de acordo coas exixencias das obras.
i. Adquirir e demostrar os reflexos necesarios para resolver eventualidades que xurdan na interpretación.
j. Cultivar a improvisación e a transposición como elementos inherentes á creatividade musical.
k. Interpretar individualmente ou dentro da agrupación correspondente obras escritas en todas as linguaxes musicais, afondando no coñecemento dos estilos e das épocas, así como nos recursos interpretativos de cada un destes.
l. Actuar en público con autocontrol, dominio da memoria e capacidade comunicativa.

4 Metodoloxía

O alumnado é o centro e a razón de ser da educación. A aprendizaxe ten como finalidade formar persoas autónomas, críticas e con pensamento propio. É por iso que a atención se centrará na procura e recoñecemento do talento que posúe cada alumno, así como traballar en potencialo. A metodoloxía estará orientada a situar ao alumno no centro do proceso de ensino-aprendizaxe, outorgando un papel fundamental á práctica e á vivencia íntegra do feito musical.

4.1 Principios metodolóxicos

→ **Actividade**: o carácter instrumental da materia de Repentización e acompañamento require da práctica, polo que o principio de que as cousas se aprenden facéndoas —base da aprendizaxe significativa e construtivista— vai implícito na nosa ensinanza.
→ **Creatividade**: ao tratarse dunha ensinanza artística, toda actividade que realicemos tratará de estimular o pensamento e a imaxinación do alumnado.
→ **Autonomía**: cada alumno e alumna será orientado nas clases, ensinándolle a traballar de forma independente e a tomar decisións por si mesmo.
→ **Atención personalizada**: dada a dedicación exclusiva que comporta a clase de Repentización e acompañamento, en cada sesión terase en conta a dimensión persoal e afectivo-social de cada alumno e alumna.

→ **Interdisciplinariedade**: relacionaranse os contidos da materia de Repentización e acompañamento cos contidos das outras materias do currículo, dotándoos dunha maior significación.
→ **Globalización**: teranse en conta os coñecementos previos do alumnado, tanto os que aprende nos estudos de réxime xeral coma no seu quefacer cotián.
→ **Socialización** e **convivencia**: promoverase o traballo en equipo e un clima de cordialidade e respecto entre o alumnado.
→ **Significación**: o que se aprende presentarase como algo de utilidade noutras situacións, que terá aplicacións reais.
→ **Flexibilidade** e **diversidade de estratexias didácticas**: co fin de acadar os obxectivos propostos, poderanse realizar as adecuacións que fosen precisas na temporalización dos contidos.

4.2 Métodos didácticos

Por método didáctico entendemos todas aquelas decisións técnicas e estratéxicas que responden á pregunta de cómo ensinar. Por tanto, procederemos de forma ordenada, planificada e dirixida á consecución duns fins.

→ **Aprendizaxe por descubrimento**: Con este método, o alumnado extrae as súas propias conclusións a partir da observación e o rexistro de información, construíndo, desta forma, a súa propia aprendizaxe. A información ofrecida será premeditadamente incompleta, pero presumiblemente suficiente para que o alumnado pense, investigue, relacione, induza e deduza en función do que xa sabía conectado á nova información.
→ **Método por recepción activa**: esta metodoloxía céntrase na transmisión maxistral dun contido de aprendizaxe pechado e acabado. Para que este proceso de ensinanza-aprendizaxe produza no alumnado unha aprendizaxe de calidade, o profesor xerará interese polo contido de aprendizaxe (motivavción), o contido estará estruturado e secuenciado de forma que poida ser comprendido pola súa lóxica interna (significación lóxica) e activaranse os coñecementos previos do alumnado en relación co novo contido (significación psicolóxica).

Atendendo ao uso de metodoloxías específicas, servirémosnos das seguintes:

→ **Aprendizaxe baseada en proxectos**: mediante o pensamento crítico, a resolución de problemas, a colaboración e diversas formas de comunicación, permite ao alumnado adquirir coñecementos involucrándoo en proxectos que dan resposta a problemas da vida real. Para iso, os estudantes necesitan utilizar capacidades intelectuais de orde superior para facerse preguntas, buscar información e obter conclusións.
→ **Contrato de aprendizaxe**: esta metodoloxía céntrase na firma dun acordo entre profesor e alumno onde se definen os obxectivos de aprendizaxe, recursos e estratexias a empregar, temporalización, evidencias a presentar e a metodoloxía de avaliación. Esta forma de proceder implica o desenvolvemento dun proceso educativo centrado no estudante, promove a autoaprendizaxe e garda relación co ámbito profesional. A implementación desta metodoloxía é moi común que se produza no ámbito dos Ensinos Superiores, polo que nos serviremos dela, principalmente, nos últimos cursos do grao profesional.
→ **Uso das TIC**: O desenvolvemento tecnolóxico modificou a forma de crear, producir, distribuír, escoitar e consumir música. É por isto que nos serviremos dos recursos tecnolóxicos na clase, sendo o seu uso xustificado e adecuado.

4.3 Profesorado

Entre as estratexias básicas a empregar polo docente, sinalamos:

→ Incentivar a participación activa do alumnado na clase no referente á realización das actividades propostas e á emisión das súas propias valoracións acerca destas.
→ Evitar as sancións negativas polo fracaso, así como a falta de recoñecemento persoal polo éxito. É necesario ter sempre presente a educación en valores, transmitindo uns principios de comportamento baseados no respecto e a tolerancia. Ao mesmo tempo, manterase unha actitude de respecto fronte as inseguridades, dúbidas ou fallos do alumnado.
→ Coidar a forma de presentar a información, sendo indispensable o emprego de diferentes recursos didácticos e/ou materiais.
→ Convidar ao alumnado a participar na avaliación da súa aprendizaxe, a través da autoavaliación.
→ Empregar estratexias que fagan revivir no alumnado os coñecementos previos para construír sobre eles a aprendizaxe dos novos.
→ Espertar e desenvolver a creatividade en todo momento.

5 Atención á diversidade

No marco do Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, enténdese por atención á diversidade o conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado.

É un feito que os alumnos e alumnas que acceden a un conservatorio presentan diferenzas individuais e non todos aprenden ao mesmo ritmo nin posúen as mesmas capacidades, polo que será labor do profesorado adecuar a práctica docente ás necesidades e características de cada alumno.

Co propósito de satisfacer e dar resposta á atención diversidade, na materia de Repentización e acompañamento teranse en conta as seguintes pautas:

→ Ter en conta as diferenzas individuais e de grupo que se detectan na avaliación inicial: os intereses do alumnado, as destrezas adquiridas, etc.
→ Traballar con materiais abertos e flexibles, que plantexen diversas estratexias para o logro dos obxectivos.
→ Respectar o ritmo de aprendizaxe de cada alumno.
→ Diversificar as actividades para lograr os obxectivos.
→ Plantexar actividades de diferente dificultade e integrar aos alumnos na máis apropiada ao seu nivel.

O Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, recolle, no seu artigo 32, que se entende por alumnado con necesidade específica de apoio educativo aquel que requira, de forma temporal ou per-

manente, apoios ou provisións educativas diferentes ás ordinarias por presentar necesidades educativas especiais, por dificultades específicas de aprendizaxe, por altas capacidades intelectuais, por incorporarse tardiamente ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar.

A identificación temperá das necesidades educativas do alumnado, a súa valoración e a resposta educativa procedente constituirán procesos necesarios para adecuar as medidas e recursos educativos apropiados.

As dificultades máis destacadas que pode presentar o alumnado con incorporación tardía ao sistema educativo veñen dadas pola comprensión do idioma, a diferenza de nivel educativo respecto ao resto do grupo e polos costumes propios da súa cultura. Promoverase que este alumnado participe cos seus compañeiros e compañeiras da materia de Repentización e acompañamento, empregando metodoloxías baseadas na explotación de recursos didácticos relacionados coa práctica musical en grupo, véndose favorecida, así, a súa integración. Se por cuestións culturais, raciais e/ou de escolarización o alumnado inmigrante non recibiu a atención debida no seu país de orixe, procurarase empregar os seus coñecementos musicais nas actividades cotiás de clase.

No caso do alumnado con altas capacidades intelectuais, poderanse elaborar actividades de ampliación de contidos, actividades con maior dificultade da prevista nun primeiro momento para o seu curso, así como actividades que potencien tanto a súa motivación como a súa organización persoal. A capacidade intelectual deste tipo de alumnado demándalle continuamente a xustificación do porqué se realiza unha actividade. É por isto que se lle proporcionarán explicacións fundamentadas que lles permitan razoar e xustificar as actividades e os contidos.

No referente ao alumnado con necesidades educativas especiais, poderase precisar unha adaptación dos recursos materiais, así como da ubicación e colocación da aula e dos materiais. No caso de ser necesario, procederase á adecuación dos elementos do currículo reformulando os obxectivos e, en consecuencia, adaptando os contidos e os criterios de avaliación. Neste caso, realizarase unha programación adecuada ás posibilidades reais do alumno a partir da avaliación inicial —sempre en contacto co resto de profesionais docentes a través da titoría— e supervisado pola xefatura de estudos.

6 Temas transversais

A educación no ámbito musical non debe rematar no simple feito do desenvolvemento de destrezas técnicas e do desenrolo da sensibilidade musical. Para unha formación integral do alumnado tamén é importante o tratamento de contidos transversais.

Estes contidos que dan resposta á realidade da vida cotiá no ámbito social son esencialmente de carácter actitudinal, e representan uns elementos educativos básicos que deben incorporarse nas diferentes áreas co fin de conseguir unha plena integración do alumnado na sociedade actual. O tratamento destes contidos debe espertar no alumnado una especial sensibilidade cara á devandita realidade.

O carácter participativo e colaborador da práctica musical facilita a incorporación destes temas á aula, especialmente na práctica en conxunto.

6.1 Educación en valores

Á hora de abordar a educación en valores seguiranse as seguintes directrices:

→ A **educación ambiental** tratarase a través do coidado pola produción excesiva de sons, a concienciación sobre a contaminación acústica e a importancia do silencio como marco de calquera actividade musical.
→ A **educación para a saúde** abordarase a través da práctica corporal, aprendendo a apreciar e valorar o propio corpo e as súas posibilidades de movemento, facendo fincapé sobre a educación postural e a adquisición dun correcto ton muscular. Ademais, a música, polos seus compoñentes afectivos, fisiolóxicos e intelectuais, tamén incide de forma positiva no equilibrio persoal e anímico das persoas.
→ No referente á **educación para a igualdade de sexos**, a participación nas actividades da aula terá como base os principios de integración, colaboración e respecto mutuo entre os integrantes da clase, independentemente do sexo ao que pertenzan.
→ A **educación para a paz e a tolerancia** traballarase a partir da interpretación e coñecemento de pezas doutras culturas e das relacións que se establezan coas persoas da contorna.
→ A **educación para o lecer** traballarase a partir do concepto produtivo do ocio, a través da asistencia a concertos, audicións, recitais e outras actividades culturais, ademais de fomentar a escoita de música e a lectura de libros relacionados co traballado na clase.
→ En canto á **educación do consumidor** trataremos que o alumnado adquira unha actitude crítica ante o fenómeno musical, axudándolles a forxar un criterio á hora de decantarse por diferentes versións, e propiciando dese modo un aumento da súa capacidade de elección á hora de consumir música.
→ A **educación moral e cívica** abordarase ao ter presente o respecto ás normas e a necesidade da súa existencia tanto no transcurso das sesións como á hora de tocar en grupo.

6.2 Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC´s)

A irrupción das tecnoloxías da información e da comunicación na nosa vida cotiá é cada día máis patente e a súa utilización esténdese ata ámbitos insospeitados. O estudo da música nos conservatorios cínguese, na maioría dos casos, á práctica interpretativa empregando instrumentos tradicionais. Incluso nestas circunstancias que a priori poden parecer pouco dadas ao uso das TIC's, estas poden ser empregadas co fin de complementar e facilitar o proceso de ensino-aprendizaxe.

O uso de materiais audiovisuais relacionados coa materia xa non é novidade, especialmente dende a aparición de plataformas dixitais como YouTube, Vimeo, Spotify, etc. Estas plataformas vinculadas á compartición masiva de material audiovisual poden ser empregadas na aula para a exemplificación das posibilidades sonoras e técnicas dos instrumentos e a exploración de diferentes posibilidades interpretativas ante un mesmo texto musical. Por outro lado, a facilidade de xerar dito material con ferramentas cada vez máis accesibles (videocámaras, gravadoras, tablets, teléfonos, etc) permite analizar na aula as propias actuacións ou interpretacións, e así aportar maior grado de obxectividade á percepción de si mesmo do alumno.

O material en formato electrónico (partituras, textos, etc.) tamén será útil no desenvolvemento das diferentes actividades da materia xa que facilita a rápida distribución do mesmo entre o alumnado, así como o seu rápido acceso na aula no caso de dispoñer dos dispositivos correspondentes. As plataformas de almacenamento como Dropbox ou GoogleDrive permiten a creación de espazos de compartición de material electrónico para os alumnos que poden ser controlados polo profesor.

Os motores de busca tamén serán de gran utilidade especialmente á hora de recompilar información referente ao propio instrumento, obras, compositores, etc.

O uso de todos os materiais relacionados coas TIC's empregados na aula debe respectar en todo momento as leis de distribución e da propiedade intelectual dos mesmos.

7 Actividades culturais e de promoción das ensinanzas

O alumnado da materia de Repentización e acompañamento terá o dereito de asistir —aínda que non a obriga— ás actividades culturais e de promoción das ensinanzas que se organicen desde o Departamento de Tecla.

7.1 Actos institucionais

O Conservatorio Profesional de Música de Carballo programa unha serie de concertos que cada curso adoitan formar parte da programación estable do centro. A participación do alumnado de Repentización e acompañamento nestes concertos podería darse nos seguintes actos:

- → Concerto de apertura do curso académico.
- → Semana Musical de Concertos de Nadal.
- → Semana Musical de Concertos de Primavera.
- → Ciclo de Novos Intérpretes.
- → Recitais de Fin de Grao Profesional.
- → Concerto de Graduación (alumnado que remata os estudos do 4º curso do Grao Elemental e o 6º curso do Grao Profesional).

7.2 Cursos, clases maxistrais e conferencias

No caso de que o Departamento de Tecla teña algunha proposta e se dean as condicións para levala a cabo, poderanse organizar cursos, clases maxistrais ou conferencias que terán lugar no 3º trimestre.

Tamén se animará ao alumnado a asistir a clases maxistrais, conferencias ou cursos especializados impartidos fóra do centro, así como a outros actos (concertos, exposicións, talleres, etc.) que poida beneficiar ao alumnado no seu desenvolvemento.

7.3 Outros

O Conservatorio Profesional de Música de Carballo colabora con entidades públicas e privadas participando en eventos organizados por estes, como poden ser o *Novembro con Música* organizado polo departamento de cultura do concello de Carballo, o ciclo de concertos *Cmus en ruta* celebrado nos centros sociais das parroquias de Carballo, o certame literario *Contos de Primavera* organizado por *La Voz de Galicia* coa colaboración de *Empresas Calvo* ou os concertos pedagóxicos para colexios. O alumnado de Repentización e acompañamento podería ser proposto para participar neste tipo de actos.

8 Secuenciación do curso

8.1 Curso: 4º Grao Profesional

8.1.1 Obxectivos

- → Fomentar e desenvolver o hábito de analizar a música de forma exhaustiva, para acadar unha comunicación artística de calidade e unha interpretación comprensiva.

→ Desenvolver a capacidade de ler a primeira vista partituras de carácter solista, acompañante ou de conxunto dun nivel equivalente ao 1º e 2º cursos de Grao Elemental de Acordeón. Aplicar, con autonomía progresivamente maior, os aspectos, as técnicas e as estratexias necesarias para dito propósito.
→ Coñecer a técnica e a mecánica tradicional do transporte: claves, armaduras, diferenzas. Transportar a distancia de 2ªM e 2ªm ascendente e descendente nas diferentes modalidades acordeonísticas.
→ Realizar acompañamentos musicais sinxelos con estruturas harmónicas fundamentadas nos grados tonais en todas as posicións. Recoñecer auditivamente os elementos harmónicos básicos presentes na construción da música tonal.
→ Dominar a execución instrumental dos diferentes tipos de cadencias en diferentes tonalidades.
→ Coñecer e practicar o baixo cifrado e o cifrado angloxasón empregando acordes tríades maiores, menores, aumentadas e diminuídas e acordes de 7ª de dominante en todas as posicións.
→ Improvisar fragmentos musicais con patróns melódico-rítmicos, estruturas harmónicas e procesos cadenciais básicos. Fomentar a exploración sonora e a creatividade.

8.1.2 Contidos

Repentización

→ Análise melódica, harmónica, rítmica e formal de obras de diferentes épocas e estilos.
→ Lectura á vista de partituras tanto de solista como de acompañante nas diferentes modalidades acordeonísticas, dun nivel equivalente ao 1º e 2º cursos de Grao Elemental de Acordeón, abarcando diferentes estilos, texturas e formas nas claves propias do acordeón.
→ O hábito da lectura. A anticipación na lectura.
→ Valoración das dificultades técnicas e interpretativas. Estratexias e ferramentas para afrontalas.
→ A dixitación repentizada. Adquisición de mecanismos para acadar unha dixitación funcional que facilite a interpretación á vista.
→ A simplificación dos diferentes elementos musicais en fragmentos que pola súa dificultade así o requiran.
→ Carácter e tempo adecuados para unha interpretación significativa.
→ Memorización da estrutura harmónica de fragmentos musicais sinxelos.

Transposición

→ Técnica e mecánica tradicional do transporte e a súa aplicación. Coñecementos teóricos: claves, armaduras, diferenzas e a súa utilidade práctica.
→ Transporte de fragmentos breves a intervalos de 2ªM e 2ªm ascendente e descendente nas diferentes modalidades acordeonísticas.
→ Transporte harmónico de fragmentos que conteñan os grados tonais a tonalidades de ata tres alteracións.
→ Recoñecemento auditivo do acorde principal de cada función harmónica.
→ Iniciación á lectura de instrumentos transpositores en si♭.

Cifrado

→ Coñecemento e práctica dos cifrados harmónicos básicos máis habituais correspondentes á harmonía tonal e a súa aplicación para a realización de baixos cifrados barrocos e a realización do

cifrado anglosaxón para acompañar melodías, empregando acordes tríades maiores, menores, aumentados e diminuídos e de 7ª de dominante en todas as posicións, así coma modulacións á tonalidade da dominante e ao relativo menor.

→ Coñecemento e práctica dos diferentes tipos de cadencias; enlace de acordes en todas as posicións; acordes completos e incompletos: supresións e duplicacións.

→ Os acordes e a súa función. Movemento harmónico directo, oblicuo e contrario. Intervalos harmónicos consoantes e disonantes.

Improvisación

→ Exercicios con harmonía única empregando todas as posicións do acorde, e variantes rítmicas de progresiva dificultade cunha extensión de catro a oito compases.

→ Improvisación de fragmentos curtos con estruturas harmónicas e procesos cadencias básicos, empregando acordes tríades maiores, menores e de 7ª de dominante en tonalidades ata tres alteracións.

→ Proceso pregunta-resposta de acordo coas estruturas harmónicas.

→ Desenvolvemento melódico en base a unha estrutura harmónica.

→ Notas de paso e floreo. Aplicación práctica.

→ Acompañamentos harmónico-rítmicos a una melodía proposta, empregando unicamente o manual esquerdo ou os dous manuais ao mesmo tempo.

8.1.3 Avaliación

A avaliación é un proceso sistemático de indagación e comprensión da realidade educativa que pretende emitir un xuízo de valor orientado á toma de decisións e á mellora. Tal e como recolle o Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música, levarase a cabo tendo en conta os obxectivos e os criterios de avaliación establecidos no currículo e será continua e integradora. Así mesmo, servirá para a mellora tanto dos procesos de ensino como da propia práctica docente.

Asemade, de acordo coa Orde do 8 de febreiro de 2008, pola que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas profesionais de música, na avaliación do proceso de aprendizaxe consideraranse as características propias do alumnado e o contexto sociocultural do centro. O alumnado ten dereito a ser avaliado conforme a criterios de plena obxectividade e a coñecer os resultados das súas aprendizaxes, de xeito que a información obtida contribúa á mellora do seu proceso educativo. Tamén poderá solicitar ao profesorado responsable da materia aclaracións sobre as avaliacións realizadas. Así mesmo, terá dereito a coñecer os procedementos formais de avaliación, a súa natureza, aplicación e criterios de corrección.

Criterios de avaliación

Os criterios de avaliación concretan as aprendizaxes que se valorarán ao longo do curso. Cada criterio desenvólvese mediante varios indicadores de logro, que permiten observar e valorar de maneira máis precisa o grao de adquisición das aprendizaxes correspondentes.

Cada indicador será valorado mediante unha rúbrica organizada en cinco franxas de cualificación: **1–2, 3–4, 5–6, 7–8 e 9–10**. Asignarase a franxa máis alta cuxo descritor quede suficientemente demos-

trado polas evidencias dispoñibles. Dentro de cada franxa, o valor inferior corresponderá a un desempeño máis irregular ou menos consistente, e o superior ao mesmo nivel de logro manifestado con maior estabilidade e consistencia.

CE1. Repentizar partituras adecuadas ao nivel do curso, como solista ou acompañante, empregando unha observación previa eficaz e mantendo unha execución precisa, continua e musicalmente coherente.

Indicadores de logro

IL1.1. Identifica na análise previa os elementos relevantes do texto para orientar a lectura.
IL1.2. Anticipa durante a lectura a información relevante para continuar a execución.
IL1.3. Reproduce con precisión suficiente o texto musical escrito durante a lectura.
IL1.4. Mantén a continuidade da execución, evitando interrupcións innecesarias.
IL1.5. Mantén a estabilidade temporal durante a execución.
IL1.6. Integra na lectura as indicacións expresivas presentes na partitura.

	1–2	3–4	5–6	7–8	9–10
IL1.1 ***15%***	Non identifica os elementos necesarios para orientar a lectura ou recoñece só datos illados sen utilidade práctica para a execución.	Identifica algúns elementos relevantes, pero omite outros necesarios para preparar adecuadamente a lectura.	Identifica os principais elementos do texto necesarios para orientar a lectura, aínda que pode omitir algún aspecto secundario.	Identifica de maneira estable os elementos relevantes e establece as relacións necesarias para preparar con claridade a execución.	Identifica de maneira completa e moi consistente os elementos relevantes e emprega a análise previa para construír unha representación clara do fragmento antes de iniciar a lectura.
IL1.2 ***10%***	Centra a atención case exclusivamente no que está executando e non anticipa a información necesaria para preparar o que segue.	Anticipa algúns elementos, pero con frecuencia detecta demasiado tarde cambios ou información relevante, o que condiciona a preparación da execución inmediata.	Anticipa a información necesaria para preparar a maior parte dos elementos inmediatos, aínda que aparecen reaccións tardías ocasionais.	Anticipa de maneira estable a información relevante antes da súa execución, con poucas reaccións tardías.	Anticipa de maneira sistemática e moi consistente a información relevante ao longo do fragmento, preparando con suficiente antelación os elementos que debe executar.
IL1.3 ***25%***	Comete erros reiterados na lectura de notas, alteracións ou valores rítmicos, de maneira que o texto executado se afasta claramente do escrito.	Reproduce correctamente parte do texto, pero comete erros frecuentes de notas, alteracións ou valores rítmicos que afectan de maneira apreciable á fidelidade da lectura.	Reproduce correctamente a maior parte dos elementos escritos, aínda que poden aparecer erros ocasionais que non alteran globalmente o texto musical.	Reproduce o texto con precisión; os erros son escasos e puntuais e non modifican de maneira significativa a lectura.	Reproduce de maneira moi precisa e consistente os elementos escritos ao longo de todo o fragmento, con erros inexistentes ou excepcionais.
IL1.4 ***20%***	As paradas, reinicios ou repeticións son reiterados e impiden manter o desenvolvemento global do fragmento.	Mantén algúns tramos continuos, pero as paradas, reinicios ou repeticións fragmentan con frecuencia a execución.	Mantén globalmente a continuidade da lectura; poden aparecer interrupcións ocasionais, pero non fragmentan de maneira significativa o desenvolvemento do fragmento.	Mantén unha execución continua; as interrupcións son escasas e, ante pequenos desaxustes, continúa sen reiniciar nin repetir o xa executado.	Mantén a continuidade de maneira moi consistente durante todo o fragmento, absorbendo os pequenos erros ou desaxustes sen interromper nin reconstruír o discurso.
IL1.5 ***15%***	O pulso presenta variacións continuas ou moi acusadas que impiden establecer unha referencia temporal estable.	Establece un pulso recoñecible, pero presenta aceleracións, retardos ou oscilacións frecuentes que alteran de maneira apreciable a estabilidade temporal.	Mantén un pulso suficientemente estable durante o conxunto da execución, aínda que aparecen oscilacións ocasionais.	Mantén o pulso con estabilidade durante practicamente toda a execución; as pequenas oscilacións son escasas e non alteran o desenvolvemento temporal.	Mantén o pulso con moi alta estabilidade e consistencia ao longo de toda a execución, sen oscilacións significativas alleas ás indicacións musicais do texto.
IL1.6 ***15%***	Omite a maior parte das indicacións expresivas presentes na partitura ou apenas as incorpora á execución.	Aplica algunhas indicacións expresivas, pero omite outras relevantes ou as realiza de maneira irregular.	Integra as principais indicacións expresivas presentes na partitura, aínda que algunhas poden aparecer con menor definición ou estabilidade.	Integra de maneira estable a maior parte das indicacións expresivas presentes no texto e mantén a súa aplicación ao longo da lectura.	Integra de maneira completa e moi consistente as indicacións expresivas presentes na partitura, incorporándoas con naturalidade ao desenvolvemento da lectura.

Axuste da cualificación segundo o tempo de execución

Para cada exercicio de repentización establecerase previamente un tempo de referencia, adecuado ao nivel do curso e ás características do fragmento. A puntuación obtida na rúbrica axustarase segundo a relación entre a velocidade do pulso mantida polo alumnado e ese tempo de referencia.

Se a execución se realiza ao tempo de referencia ou a unha velocidade superior, conservarase íntegra a puntuación obtida na rúbrica. Se se realiza a unha velocidade inferior, a puntuación reducirase na mesma proporción. Así, unha execución ao 80 % do tempo de referencia conservará o 80 % da puntuación obtida; unha execución ao 60 %, o 60 %.

Cando a velocidade do pulso sexa inferior ao 50 % do tempo de referencia, a cualificación do CE1 será de **1 punto**. A execución a unha velocidade superior á de referencia non incrementará a puntuación. En ningún caso a aplicación deste axuste poderá dar lugar a unha cualificación do CE1 inferior a **1 punto**.

CE2. Transportar fragmentos musicais e estruturas harmónicas adecuados ao nivel do curso, aplicando os procedementos de transposición correspondentes, e realizar a lectura de instrumentos transpositores.

Indicadores de logro

IL2.1. Aplica a técnica e a mecánica tradicional do transporte.

IL2.2. Transporta fragmentos musicais a intervalos de 2ª maior e 2ª menor, ascendente e descendente, nas diferentes modalidades acordeonísticas.

IL2.3. Transporta estruturas harmónicas que conteñan os graos tonais a intervalos de 2ª maior e 2ª menor, en tonalidades de ata tres alteracións.

IL2.4. Realiza a lectura de partituras de instrumentos transpositores en si♭.

	1–2	3–4	5–6	7–8	9–10
IL2.1 ***20%***	Non aplica os procedementos básicos do transporte ou comete erros reiterados na determinación das claves, armaduras ou diferenzas necesarias.	Aplica correctamente algúns elementos do procedemento, pero comete erros frecuentes nas claves, armaduras ou diferenzas que dificultan a realización do transporte.	Aplica correctamente os procedementos fundamentais de claves, armaduras e diferenzas, aínda que pode cometer erros ocasionais na súa utilización.	Aplica os procedementos de transporte con precisión e estabilidade, con erros escasos que non comprometen a súa aplicación.	Aplica de maneira moi precisa e consistente os procedementos de claves, armaduras e diferenzas requiridos en cada transporte.
IL2.2 ***30%***	Non conserva de maneira recoñecible o intervalo de transporte establecido e os erros de notas ou alteracións impiden manter a correspondencia co fragmento orixinal.	Conserva correctamente o transporte en determinados tramos, pero os erros frecuentes de notas ou alteracións provocan desviacións reiteradas respecto do intervalo establecido.	Mantén correctamente o intervalo de transporte durante a maior parte do fragmento; poden aparecer erros ocasionais de notas ou alteracións sen alterar globalmente a transposición.	Transporta o fragmento con precisión e estabilidade, con erros escasos e puntuais que non modifican a relación co orixinal.	Transporta o fragmento de maneira moi precisa e consistente, mantendo ao longo de toda a execución as relacións correspondentes ao intervalo establecido.
IL2.3 ***30%***	Non conserva as relacións funcionais da estrutura harmónica ao transportala ou presenta erros reiterados que impiden recoñecer a estrutura proposta.	Conserva parte das relacións harmónicas, pero comete erros frecuentes na transposición dos graos ou acordes que alteran a estrutura proposta.	Transporta a estrutura a intervalos de 2ª maior e 2ª menor mantendo correctamente os graos e funcións harmónicas fundamentais nas tonalidades propias do curso, aínda que pode presentar algún erro ocasional.	Transporta a estrutura con precisión e estabilidade nos intervalos e tonalidades traballados, conservando as relacións funcionais e os acordes correspondentes con erros escasos.	Transporta a estrutura de maneira moi precisa e consistente nos intervalos e tonalidades requiridos, conservando plenamente as relacións funcionais da estrutura proposta.
IL2.4 ***20%***	Non establece de maneira funcional a correspondencia entre a escritura do instrumento en si♭ e o son resultante, producíndose erros reiterados de lectura.	Establece correctamente a correspondencia nalgúns tramos, pero comete erros frecuentes que impiden manter unha lectura suficientemente consistente.	Realiza correctamente a lectura na maior parte do fragmento, aínda que poden aparecer erros ocasionais na transposición propia do instrumento en si♭.	Realiza a lectura con precisión e estabilidade, con erros escasos e puntuais na correspondencia entre escritura e son resultante.	Realiza a lectura de maneira moi precisa e consistente, mantendo correctamente ao longo do fragmento a correspondencia propia do instrumento transpositor en si♭.

CE3. Realizar instrumentalmente estruturas harmónicas breves adecuadas ao nivel do curso, aplicando os elementos e procedementos harmónicos traballados.

Indicadores de logro

IL3.1. Recoñece auditivamente o acorde principal de cada función harmónica.

IL3.2. Realiza as cadencias auténtica, plagal, semicadencia e rota en tonalidades de ata tres alteracións.

IL3.3. Realiza estruturas harmónicas de catro ou oito compases empregando acordes tríades maiores, menores, aumentados e diminuídos e acordes de 7ª de dominante en todas as posicións.

IL3.4. Realiza enlaces entre acordes aplicando os movementos das voces traballados.

IL3.5. Aplica diferentes formulacións rítmicas á realización de estruturas harmónicas.

1–2	3–4	5–6	7–8	9–10

IL3.1 ***15%***	Non identifica de maneira funcional os acordes principais das funcións harmónicas ou confúndeos de forma reiterada.	Identifica correctamente algunhas funcións, pero mantén confusións frecuentes que impiden un recoñecemento suficientemente consistente.	Recoñece correctamente os acordes principais das funcións harmónicas na maior parte das progresións, aínda que pode presentar confusións ocasionais.	Recoñece as funcións harmónicas con precisión e estabilidade, con confusións escasas e puntuais.	Recoñece de maneira moi precisa e consistente os acordes principais das funcións harmónicas nas diferentes progresións traballadas.
IL3.2 ***20%***	Non consegue realizar de maneira recoñecible as cadencias requiridas ou presenta erros reiterados na súa estrutura harmónica.	Realiza correctamente algunhas cadencias ou nalgunhas tonalidades, pero mantén erros frecuentes na sucesión ou realización dos acordes.	Realiza as catro cadencias requiridas nas tonalidades propias do nivel, aínda que poden aparecer erros ocasionais que non impiden identificar correctamente o proceso cadencial.	Realiza as diferentes cadencias con precisión e estabilidade nas tonalidades traballadas, con erros escasos e puntuais.	Realiza de maneira moi precisa e consistente os distintos tipos de cadencia nas tonalidades correspondentes ao nivel.
IL3.3 ***30%***	Non consegue manter a estrutura harmónica proposta ou presenta erros reiterados na realización dos acordes requiridos.	Mantén parcialmente a estrutura, pero aparecen erros frecuentes na selección, constitución ou posición dos acordes.	Realiza correctamente a estrutura de catro ou oito compases empregando o vocabulario harmónico e as posicións requiridas, aínda que pode presentar erros ocasionais.	Realiza a estrutura con precisión e estabilidade, empregando correctamente os acordes e as súas posicións, con erros escasos e puntuais.	Realiza de maneira moi precisa e consistente as estruturas propostas, empregando correctamente ao longo de toda a realización o vocabulario harmónico e as posicións correspondentes.
IL3.4 ***20%***	Os movementos das voces non responden de maneira funcional aos procedementos de enlace traballados ou presentan desaxustes reiterados.	Aplica correctamente algúns dos movementos traballados, pero os enlaces presentan erros frecuentes ou solucións inconsistentes.	Realiza os enlaces aplicando correctamente os movementos das voces traballados na maior parte da estrutura, aínda que pode presentar algún desaxuste ocasional.	Realiza os enlaces con control e estabilidade, aplicando os movementos das voces de maneira coherente e con desaxustes escasos.	Realiza os enlaces de maneira moi consistente, aplicando con precisión e continuidade os movementos das voces ao longo de toda a estrutura.
IL3.5 ***15%***	Non consegue aplicar unha formulación rítmica de maneira funcional á estrutura harmónica ou perde reiteradamente o patrón empregado.	Aplica algunhas formulacións rítmicas, pero con erros ou interrupcións frecuentes que dificultan a súa integración coa estrutura harmónica.	Aplica diferentes formulacións rítmicas á estrutura harmónica e mantén funcionalmente o patrón empregado, aínda que poden aparecer desaxustes ocasionais.	Aplica diferentes formulacións rítmicas con estabilidade e mantén o patrón de maneira consistente ao longo da estrutura.	Aplica con moita precisión e consistencia as diferentes formulacións rítmicas traballadas, integrándoas de maneira estable ao longo de toda a estrutura.

CE4. Realizar cifrados e acompañamentos adecuados ao nivel do curso, aplicando instrumentalmente a información harmónica indicada e integrando, cando corresponda, a melodía.

Indicadores de logro

IL4.1. Realiza baixos cifrados empregando acordes tríades maiores, menores, aumentados e diminuídos e acordes de 7ª de dominante en todas as posicións, incluíndo modulacións á tonalidade da dominante e ao relativo menor.

IL4.2. Realiza acompañamentos a partir dun cifrado anglosaxón empregando unha formulación rítmica adecuada.

IL4.3. Integra a melodía na realización do acompañamento a partir dun cifrado anglosaxón.

IL4.4. Realiza un acompañamento harmónico-rítmico a unha melodía proposta.

	1–2	**3–4**	**5–6**	**7–8**	**9–10**
IL4.1 ***30%***	Non interpreta funcionalmente o cifrado ou presenta erros reiterados na constitución dos acordes, nas súas posicións ou nos procesos de modulación.	Interpreta correctamente parte do cifrado, pero os erros frecuentes nos acordes, posicións ou modulacións alteran de maneira apreciable a realización.	Realiza correctamente a maior parte do baixo cifrado, empregando os acordes, posicións e modulacións requiridos, aínda que poden aparecer erros ocasionais.	Realiza o baixo cifrado con precisión e estabilidade, empregando correctamente os acordes, posicións e modulacións, con erros escasos e puntuais.	Realiza o baixo cifrado de maneira moi precisa e consistente, resolvendo correctamente ao longo de toda a realización os acordes, posicións e procesos de modulación requiridos.
IL4.2 ***25%***	Non transforma de maneira funcional o cifrado anglosaxón nun acompañamento ou presenta erros reiterados na realización dos acordes e do patrón rítmico.	Realiza correctamente parte do cifrado, pero os erros frecuentes nos acordes ou a inestabilidade do patrón rítmico impiden manter un acompañamento suficientemente funcional.	Realiza o acompañamento a partir do cifrado con acordes correctos e unha formulación rítmica funcional, aínda que poden aparecer erros ou desaxustes ocasionais.	Realiza o acompañamento con precisión e estabilidade, mantendo correctamente os acordes e a formulación rítmica ao longo da maior parte do fragmento.	Realiza de maneira moi precisa e consistente o acompañamento indicado polo cifrado, mantendo plenamente integrados os acordes e a formulación rítmica durante todo o fragmento.
IL4.3 ***20%***	A incorporación da melodía impide manter de maneira funcional o acompañamento ou a propia liña melódica, producíndose erros ou interrupcións reiterados.	Integra melodía e acompañamento en determinados tramos, pero presenta desaxustes frecuentes entre ambos que comprometen a realización conxunta.	Integra melodía e acompañamento de maneira funcional durante a maior parte do fragmento, aínda que poden aparecer desaxustes ocasionais entre ambas partes.	Integra melodía e acompañamento con estabilidade, mantendo coordinadas ambas funcións con desaxustes escasos e puntuais.	Integra melodía e acompañamento de maneira moi consistente, mantendo ambas funcións claramente coordinadas ao longo de toda a realización.
IL4.4 ***25%***	Non consegue construír un acompañamento harmónico-rítmico coherente coa melodía proposta ou presenta incompatibilidades reiteradas entre ambos elementos.	Constrúe un acompañamento parcialmente coherente coa melodía, pero presenta erros ou desaxustes frecuentes na relación harmónica ou rítmica.	Realiza un acompañamento harmónico-rítmico funcional e coherente coa melodía proposta, aínda que poden aparecer solucións pouco definidas ou desaxustes ocasionais.	Realiza un acompañamento coherente e estable, adaptando con precisión suficiente a harmonía e a formulación rítmica á melodía proposta.	Realiza de maneira moi consistente un acompañamento harmónico-rítmico plenamente coherente coa melodía

				proposta, mantendo unha relación estable e ben integrada entre ambos elementos.

CE5. Improvisar fragmentos breves a partir de estruturas harmónicas adecuadas ao nivel do curso, desenvolvendo e organizando con coherencia o material melódico-rítmico.

Indicadores de logro

IL5.1. Desenvolve unha liña melódica coherente coa estrutura harmónica proposta.

IL5.2. Emprega diferentes formulacións rítmicas simples no desenvolvemento da liña improvisada.

IL5.3. Organiza o material melódico de acordo cos principios de pregunta-resposta.

IL5.4. Emprega notas reais, notas de paso e floreos na elaboración melódica.

	1–2	3–4	5–6	7–8	9–10
IL5.1 ***35%***	A liña melódica non mantén unha relación funcional coa estrutura harmónica e presenta desaxustes reiterados cos acordes sobre os que se desenvolve.	Mantén unha relación coherente coa harmonía nalgúns tramos, pero presenta desaxustes frecuentes que debilitan a correspondencia entre melodía e estrutura harmónica.	Desenvolve unha liña melódica globalmente coherente coa estrutura harmónica, aínda que poden aparecer desaxustes ocasionais.	Desenvolve a liña melódica con estabilidade e boa correspondencia coa estrutura harmónica, con desaxustes escasos e puntuais.	Desenvolve de maneira moi consistente unha liña melódica plenamente coherente coa estrutura harmónica ao longo de toda a improvisación.
IL5.2 ***20%***	Emprega unha formulación rítmica moi limitada ou presenta desaxustes reiterados que impiden desenvolver funcionalmente a liña improvisada.	Introduce algunha variedade rítmica, pero recorre de maneira predominante a fórmulas moi repetitivas ou presenta desaxustes frecuentes na súa realización.	Emprega diferentes formulacións rítmicas simples ao longo da improvisación, aínda que a variedade ou a súa realización pode ser irregular nalgúns momentos.	Emprega diferentes formulacións rítmicas con estabilidade e suficiente variedade ao longo da liña improvisada.	Emprega de maneira moi consistente e variada as formulacións rítmicas traballadas, integrándoas con naturalidade no desenvolvemento da improvisación.
IL5.3 ***25%***	Non se aprecia unha organización recoñecible en pregunta-resposta ou as frases aparecen sen relación clara entre elas.	Aparecen intencións de pregunta-resposta, pero a relación entre ambas partes resulta pouco clara ou irregular.	Organiza a improvisación mediante unha relación recoñecible de pregunta-resposta, aínda que algunhas correspondencias poden resultar pouco definidas.	Organiza con claridade e estabilidade as frases segundo o principio de pregunta-resposta, mantendo unha relación coherente entre ambas partes.	Organiza de maneira moi clara e consistente o material melódico mediante relacións de pregunta-resposta ben definidas ao longo da improvisación.
IL5.4 ***20%***	Emprega de maneira incorrecta ou moi limitada as notas reais, de paso e floreos, producindo desaxustes reiterados na elaboración melódica.	Emprega correctamente algúns destes recursos, pero presenta erros frecuentes ou unha utilización pouco consistente.	Emprega correctamente notas reais, notas de paso e floreos na maior parte da improvisación, aínda que poden aparecer erros ou usos pouco definidos de maneira ocasional.	Emprega estes recursos con corrección e estabilidade, con erros escasos e integrándoos coherentemente na elaboración melódica.	Emprega de maneira moi precisa e consistente notas reais, notas de paso e floreos, integrándoos con naturalidade no desenvolvemento melódico.

Mínimos esixibles

Para superar a materia será necesario, ademais de obter unha cualificación global ponderada igual ou superior a **5**, alcanzar como mínimo a franxa **5–6** en todos os indicadores establecidos como mínimos de logro.

Mínimos de logro

IL1.4. Mantén a continuidade da execución, evitando interrupcións innecesarias.

IL2.2. Transporta fragmentos musicais a intervalos de 2ª maior e 2ª menor, ascendente e descendente, nas diferentes modalidades acordeonísticas.

IL3.2. Realiza as cadencias auténtica, plagal, semicadencia e rota en tonalidades de ata tres alteracións.

IL3.3. Realiza estruturas harmónicas de catro ou oito compases empregando acordes tríades maiores, menores, aumentados e diminuídos e acordes de 7ª de dominante en todas as posicións.

IL4.2. Realiza acompañamentos a partir dun cifrado anglosaxón empregando unha formulación rítmica adecuada.

IL5.1. Desenvolve unha liña melódica coherente coa estrutura harmónica proposta.

Para considerar alcanzado cada un destes mínimos será necesario obter como mínimo unha valoración correspondente á franxa **5–6** da súa rúbrica.

Procedementos e instrumentos de avaliación

Entre os procedementos de avaliación teranse en conta os seguintes:

→ Observación sistemática, diaria e directa das actividades e realizacións prácticas desenvolvidas na aula.
→ Análise das producións e traballos realizados polo alumnado, incluídas, cando proceda, gravacións ou outras evidencias que permitan valorar a súa evolución.

Como instrumentos:

→ Caderno de aula do profesor.
→ Rúbricas de avaliación.
→ Listas de cotexo.

Os diferentes procedementos e instrumentos utilizaranse en función dos criterios de avaliación e dos indicadores de logro que se pretendan valorar.

Temporalización da avaliación

Segundo o momento no que se recolla a información, a avaliación será:

→ **Inicial:** realizarase ao comezo do curso e sempre que se inicie un novo proceso de aprendizaxe, co obxecto de coñecer o punto de partida do alumnado e orientar a planificación do proceso de ensino-aprendizaxe. Poderá basearse na observación, en actividades prácticas ou en cuestións de carácter oral.
→ **Continua:** desenvolverase ao longo de todo o curso e permitirá identificar os logros e as dificultades do alumnado, seguir a súa evolución e introducir os axustes necesarios no proceso de ensino-aprendizaxe. Para iso recolleranse de maneira sistemática evidencias das aprendizaxes realizadas.
→ **Final:** permitirá valorar, ao remate do curso, o grao de adquisición das aprendizaxes a partir das evidencias obtidas ao longo do proceso de avaliación continua.

Para garantir unha avaliación continua e obxectiva será necesaria a recollida de evidencias suficientes ao longo do curso. Cando, como consecuencia dunha asistencia insuficiente ou por outras circunstancias, non se dispoña de evidencias suficientes para valorar un ou varios criterios de avaliación ou indicadores de logro, realizaranse as actividades ou probas específicas necesarias para obter esas evidencias. En todo caso, as evidencias así obtidas valoraranse de acordo cos mesmos criterios de avaliación, indicadores de logro e rúbricas establecidos para o curso, sen alterar os mínimos esixibles nin os criterios de cualificación.

Criterios de cualificación

A cualificación obterase a partir da valoración dos criterios de avaliación e dos seus indicadores de logro.

Cada indicador será valorado nunha escala de 1 a 10 mediante a rúbrica correspondente. A cualificación de cada criterio calcularase aplicando a ponderación establecida para os seus indicadores e, posteriormente, aplicaranse as porcentaxes asignadas aos distintos criterios para obter a cualificación global.

En 4º de Grao Profesional, os criterios de avaliación terán a seguinte ponderación:

Criterio de avaliación	Ponderación

CE1	20 %
CE2	20 %
CE3	20 %
CE4	20 %
CE5	20 %
Total	100 %

As cualificacións trimestrais reflectirán o nivel de logro alcanzado polo alumnado no momento de cada avaliación. Cando nun trimestre aínda non se dispoña de evidencias suficientes para valorar algún criterio ou indicador, a cualificación calcularase proporcionalmente a partir dos que puideron ser avaliados.

A cualificación final reflectirá o grao de logro alcanzado ao remate do curso nos diferentes criterios de avaliación e indicadores de logro, tendo en conta o conxunto das evidencias recollidas durante o proceso de avaliación continua. Para determinar este nivel considerarase o desempeño que o alumnado mostre de maneira representativa e suficientemente estable, polo que un resultado puntual de nivel superior non determinará por si só a cualificación final.

De acordo coa Orde do 8 de febreiro de 2008, pola que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas profesionais de música, a cualificación final será consecuencia da valoración das aprendizaxes específicas da materia e da madureza académica acadada polo alumnado en relación cos obxectivos xerais das ensinanzas de música, no marco do proceso de avaliación continua.

Para superar a materia será necesario cumprir simultaneamente os seguintes requisitos:

→ obter unha cualificación global ponderada igual ou superior a **5**;
→ alcanzar, como mínimo, a franxa **5–6** en todos os indicadores establecidos como mínimos de logro.

Cando a cualificación global ponderada sexa igual ou superior a 5 pero non se cumpra algún dos mínimos de logro establecidos para o curso, a cualificación final será **4**.

O resultado da avaliación final expresarase mediante unha escala numérica de 1 a 10, sen decimais. Consideraranse positivas as cualificacións iguais ou superiores a 5 e negativas as inferiores a 5. Para obter unha cualificación positiva será necesario alcanzar unha cualificación global ponderada igual ou superior a 5 antes de expresala sen decimais; unha cualificación inferior a 5 non poderá converterse en positiva por efecto do redondeo.

Para o alumnado con avaliación negativa, o profesor da materia elaborará un informe sobre os obxectivos e contidos non acadados, indicando tamén os criterios de avaliación e indicadores de logro que requiran recuperación e propoñendo as actividades necesarias para a súa superación.

Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

Como recolle o artigo 15º do Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música, é competencia do consello escolar de cada centro autorizar, con carácter excepcional, a ampliación de matrícula ao curso seguinte do alumnado que, logo da orientación do profesorado, así o solicite, sempre que o informe da totalidade do profesorado do alumno ou da alumna xustifique, conforme criterios obxectivos, a súa adecuada capacidade de aprendizaxe do curso actual e daquel ao cal aspire a acceder.

Na materia de Repentización e Acompañamento, a valoración desta capacidade terá en conta o grao de adquisición dos criterios de avaliación e indicadores de logro do curso actual, así como a evolución, autonomía e capacidade do alumnado para afrontar as aprendizaxes do curso seguinte. Cando se considere necesario completar as evidencias dispoñibles, poderá realizarse unha proba ou actividade específica de avaliación.

8.1.4 Medidas de recuperación

Procedementos de recuperación ordinarios

Dado o carácter continuo da avaliación, a recuperación das aprendizaxes non acadadas desenvolverase ao longo do propio proceso de ensino-aprendizaxe. O profesor identificará os criterios de avaliación e indicadores de logro nos que o alumnado presente dificultades e proporá as actividades de reforzo, revisión ou estudo que resulten necesarias.

A recuperación poderá realizarse mediante a revisión dos exercicios e actividades traballadas, a realización de novas actividades, a adaptación das estratexias de estudo ou outras tarefas que permitan superar as dificultades detectadas. Cando sexa necesario, recolleranse novas evidencias para comprobar o grao de logro alcanzado.

Poderán empregarse tamén, cando estean dispoñibles e se consideren adecuados, outros recursos de apoio ou reforzo organizados polo centro.

Probas extraordinarias

O alumnado que non supere a materia na avaliación ordinaria poderá realizar unha proba extraordinaria na que deberá demostrar o grao de adquisición dos criterios de avaliación e indicadores de logro establecidos para o curso.

A proba incluirá actividades de repentización, transposición, realización harmónica, cifrado e acompañamento e improvisación, adecuadas ao nivel de 4º de Grao Profesional, de maneira que permitan obter evidencias suficientes dos criterios de avaliación e indicadores de logro establecidos para o curso.

Cando sexa necesario, poderán realizarse varias tarefas dentro dun mesmo ámbito ou actividades complementarias que permitan obter evidencias suficientes daqueles criterios ou indicadores que non poidan ser valorados adecuadamente mediante unha única realización.

A avaliación da proba realizarase empregando os mesmos criterios de avaliación, indicadores de logro, rúbricas e ponderacións establecidos para o curso.

Para superar a proba será necesario cumprir simultaneamente os seguintes requisitos:

→ obter unha cualificación global ponderada igual ou superior a **5**;
→ alcanzar, como mínimo, a franxa **5–6** en todos os indicadores establecidos como mínimos de logro.

Cando a cualificación global ponderada sexa igual ou superior a 5 pero non se cumpra algún dos mínimos de logro establecidos para o curso, a cualificación da proba extraordinaria será **4**.

O resultado expresarase mediante unha escala numérica de 1 a 10, sen decimais. Consideraranse positivas as cualificacións iguais ou superiores a 5 e negativas as inferiores a 5. Para obter unha cualificación positiva será necesario alcanzar unha cualificación global ponderada igual ou superior a 5 antes

de expresala sen decimais; unha cualificación inferior a 5 non poderá converterse en positiva por efecto do redondeo.

Se o alumno ou alumna non comparece á proba extraordinaria, consignarase como **Non Presentado (NP)**, coa consideración que estableza a normativa aplicable.

8.1.5 Recursos didácticos

- Abbott, Alain: *Cours complet de lecture à vue*. Editorial Henry Lemoine.
- Asins Arbó, Miguel: 101 Ejercicios para la práctica de la repentización y el transporte al piano. Editorial Real Musical.
- Asins Arbó, Miguel: *Bajo cifrado. Ejercicios progresivos*. Editorial Unión Musical.
- Asins, Molina, Williart: *El Acompañamiento de la Melodía*. Editorial Real Musical.
- Cisneros, Doña, Rodríguez, Molina: *Improvisación y Acompañamiento*. Editorial Enclave Creativa.
- Cortada, María Lluisa: *Teoría y práctica del bajo continuo*. Editorial Dinsic.
- Doupond, Gerard: *Método de transposición*. Editorial Boileau.
- Hal Leonard Publishing Corporation: *The Real Book*. Ed. Hal Leonard.
- López Artiga, Ángeles: Método de acompañamiento improvisado para instrumentos de teclado. Piles, Editorial de Música.
- Molina, Emilio: *Improvisación al piano*, vols. 1-4. Editorial Real Musical.
- Progris, James: *A Modern Method for Keyboard Study*, vols. 1-4. Editorial Hal Leonard.
- Santacana, Benjamí: *El piano a primera vista*. Editorial de Música Boileau.
- Tobin, Raymond: How to improvise piano accompaniments. Real Musical.

8.2 Curso: 5º Grao Profesional

8.2.1 Obxectivos

→ Analizar desde unha perspectiva melódica, harmónica, rítmica e formal obras dun nivel equivalente ao 2º e 3º cursos de Grao Elemental de Acordeón.

→ Interpretar a primeira vista partituras de carácter solista, acompañante ou de conxunto dun nivel equivalente ao 2º e 3º cursos de Grao Elemental de Acordeón. Coñecer e aplicar os aspectos, as técnicas e as estratexias necesarias para dito propósito.

→ Coñecer e aplicar a técnica e a mecánica tradicional do transporte: claves, armaduras, diferenzas. Transportar a distancia de 2ªM, 2ªm, 3ªM e 3ªm ascendente e descendente nas diferentes modalidades acordeonísticas.

→ Realizar acompañamentos musicais con estruturas harmónicas fundamentadas nos diferentes grados dunha tonalidade, acordes tríades maiores, menores, aumentados e diminuídos e acordes de 7ª de dominante (principal e secundarias) en todas as posicións. Recoñecer auditivamente os elementos harmónicos presentes na construción da música tonal.

→ Dominar a execución instrumental dos diferentes tipos de cadencias en diferentes tonalidades. Aumentar a extensión das cadencias e introducir acordes de 7ª de dominante.

→ Realizar baixos cifrados e aplicar o cifrado angloxasón empregando acordes tríades maiores, menores, aumentadas, diminuídas e acordes de 7ª de dominante e 7ª diminuída (principal e secundarias) en todas as posicións.

→ Improvisar fragmentos musicais con patróns melódico-rítmicos, estruturas harmónicas e procesos cadenciais sinxelos. Aplicar a variación e o desenvolvemento de motivos e introducir a improvisación en diferentes estilos coma o blues ou a música popular. Fomentar a exploración sonora e a creatividade.
→ Valorar e desenvolver a capacidade de resposta ante diversas dificultades técnicas e interpretativas.
→ Comezar a coñecer e pór en práctica os elementos e procedementos harmónicos e fraseolóxicos básicos do sistema tonal.

8.2.2 Contidos

Repentización

→ Análise melódica, harmónica, rítmica e formal aplicada á repentización de obras de diferentes épocas e estilos.
→ Lectura á vista de partituras tanto de solista como de acompañante nas diferentes modalidades acordeonísticas, dun nivel equivalente ao 2º e 3º cursos de Grao Elemental de Acordeón, abarcando diferentes estilos, texturas e formas nas claves propias do acordeón.
→ Lectura de fragmentos a dúas e tres voces. Redución de partituras vocais e instrumentais de escasa dificultade nas claves propias do acordeón.
→ O hábito da lectura a primeira vista. Aplicación de aspectos —seguridade na lectura e no ritmo, evitar interromper a lectura, familiaridade cos intervalos, escalas e arpexos—, técnicas e estratexias —anticipación na lectura, búsqueda das características que se repiten, comprobación rutinaria de elementos importantes—.
→ Valoración das dificultades técnicas e interpretativas. Estratexias e ferramentas para afrontalas.
→ A dixitación repentizada. Adquisición de mecanismos para acadar unha dixitación funcional que facilite a interpretación á vista.
→ A simplificación dos diferentes elementos musicais en fragmentos que pola súa dificultade así o requiran.
→ Carácter e tempo adecuados para unha interpretación significativa.
→ Memorización da estrutura harmónica de fragmentos musicais curtos.

Transposición

→ Afianzamento da técnica e mecánica tradicional do transporte e a súa aplicación.
→ Afianzamento e perfeccionamento do transporte a intervalos de 2ªM e 2ªm ascendente e descendente nas diferentes modalidades acordeonísticas.
→ Transporte de fragmentos breves a intervalos de 3ªM e 3ªm ascendente e descendente nas diferentes modalidades acordeonísticas.
→ Transporte de estruturas harmónicas en tonalidades de ata cinco alteracións.
→ Asimilación auditiva do acorde principal de cada función harmónica. Recoñecemento auditivo de todos os acordes das diferentes funcións harmónicas e do acorde de 7ª de dominante.
→ Acompañamento á vista de pezas para transportar.
→ Lectura de partituras con instrumentos transpositores en Si♭ a dous pentagramas.

Cifrado

→ Práctica de baixos cifrados e realización do cifrado anglosaxón para acompañar melodías, empregando acordes tríades maiores, menores, aumentados e diminuídos e acordes de 7ª de dominante e 7ª diminuída (principais e secundarias) en todas as posicións; en tonalidades de ata cinco alteracións; procesos de modulación diatónica a tons veciños.

→ Coñecemento e práctica das notas de paso, floreos, apoiaturas e retardos nos baixos cifrados.

→ Asimilación dos diferentes tipos de cadencias. Aumento da súa extensión e uso da 7ª de dominante en tonalidades de ata cinco alteracións.

→ Execución de acompañamentos con ritmos básicos sobre un baixo cifrado ou a partir dun cifrado angloxasón. Práctica sobre temas da música popular, jazz e blues.

Improvisación

→ Improvisación de fragmentos con estruturas harmónicas e procesos cadencias básicos, empregando acordes tríades maiores, menores, de 7ª de dominante (principais e secundarias) e de 7ª diminuída en tonalidades ata cinco alteracións.

→ Desenvolvemento melódico-rítmico en base a unha estrutura harmónica en compases simples e compostos.

→ Notas de paso e floreo, apoiaturas e anticipacións. Aplicación práctica.

→ Proceso pregunta-resposta de acordo coas estruturas harmónicas.

→ Introdución á forma e á escala de Blues.

→ Acompañamentos harmónico-rítmicos a una melodía proposta, empregando o manual esquerdo para acompañarse a si mesmo ou os dous manuais ao mesmo tempo.

8.2.3 Avaliación

A avaliación é un proceso sistemático de indagación e comprensión da realidade educativa que pretende emitir un xuízo de valor orientado á toma de decisións e á mellora. Tal e como recolle o Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música, levarase a cabo tendo en conta os obxectivos e os criterios de avaliación establecidos no currículo e será continua e integradora. Así mesmo, servirá para a mellora tanto dos procesos de ensino como da propia práctica docente.

Asemade, de acordo coa Orde do 8 de febreiro de 2008, pola que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas profesionais de música, na avaliación do proceso de aprendizaxe consideraranse as características propias do alumnado e o contexto sociocultural do centro. O alumnado ten dereito a ser avaliado conforme a criterios de plena obxectividade e a coñecer os resultados das súas aprendizaxes, de xeito que a información obtida contribúa á mellora do seu proceso educativo. Tamén poderá solicitar ao profesorado responsable da materia aclaracións sobre as avaliacións realizadas. Así mesmo, terá dereito a coñecer os procedementos formais de avaliación, a súa natureza, aplicación e criterios de corrección.

Criterios de avaliación

Os criterios de avaliación concretan as aprendizaxes que se valorarán ao longo do curso. Cada criterio desenvólvese mediante varios indicadores de logro, que permiten observar e valorar de maneira máis precisa o grao de adquisición das aprendizaxes correspondentes.

Cada indicador será valorado mediante unha rúbrica organizada en cinco franxas de cualificación: **1–2, 3–4, 5–6, 7–8 e 9–10**. Asignarase a franxa máis alta cuxo descritor quede suficientemente demostrado polas evidencias dispoñibles. Dentro de cada franxa, o valor inferior corresponderá a un desempeño máis irregular ou menos consistente, e o superior ao mesmo nivel de logro manifestado con maior estabilidade e consistencia.

CE1. Repentizar partituras adecuadas ao nivel do curso, como solista, acompañante ou integrante dun conxunto, e realizar reducións sinxelas, empregando unha observación previa eficaz e mantendo unha execución precisa, continua e musicalmente coherente.

Indicadores de logro

IL1.1. Identifica na análise previa os elementos melódicos, harmónicos, rítmicos e formais relevantes para orientar a lectura.

IL1.2. Anticipa durante a lectura a información relevante para continuar a execución.

IL1.3. Reproduce con precisión suficiente o texto musical escrito, incluídas as texturas a dúas e tres voces propias do curso.

IL1.4. Mantén a continuidade da execución, evitando interrupcións innecesarias.

IL1.5. Mantén a estabilidade temporal durante a execución.

IL1.6. Integra na lectura as indicacións expresivas presentes na partitura.

IL1.7. Reduce partituras vocais e instrumentais de escasa dificultade a tres voces, conservando os elementos musicais esenciais.

	1–2	3–4	5–6	7–8	9–10
IL1.1 ***10%***	Non identifica os elementos melódicos, harmónicos, rítmicos e formais necesarios para orientar a lectura ou recoñece só datos illados sen utilidade práctica para a execución.	Identifica algúns elementos relevantes, pero omite outros necesarios para preparar adecuadamente a lectura.	Identifica os principais elementos melódicos, harmónicos, rítmicos e formais necesarios para orientar a lectura, aínda que pode omitir algún aspecto secundario.	Identifica de maneira estable os elementos relevantes e establece as relacións necesarias para preparar con claridade a execución.	Identifica de maneira completa e moi consistente os elementos relevantes e emprega a análise previa para construír unha representación clara do fragmento antes de iniciar a lectura.
IL1.2 ***10%***	Centra a atención case exclusivamente no que está executando e non anticipa a información necesaria para preparar o que segue.	Anticipa algúns elementos, pero con frecuencia detecta demasiado tarde cambios ou información relevante, o que condiciona a preparación da execución inmediata.	Anticipa a información necesaria para preparar a maior parte dos elementos inmediatos, aínda que aparecen reaccións tardías ocasionais.	Anticipa de maneira estable a información relevante antes da súa execución, con poucas reaccións tardías.	Anticipa de maneira sistemática e moi consistente a información relevante ao longo do fragmento, preparando con suficiente antelación os elementos que debe executar.
IL1.3 ***25%***	Comete erros reiterados na lectura de notas, alteracións ou valores rítmicos, de maneira que o texto executado se afasta claramente do escrito.	Reproduce correctamente parte do texto, pero comete erros frecuentes de notas, alteracións ou valores rítmicos que afectan de maneira apreciable á fidelidade da lectura.	Reproduce correctamente a maior parte dos elementos escritos, incluídas as texturas a dúas e tres voces propias do curso, aínda que poden aparecer erros ocasionais que non alteran globalmente o texto musical.	Reproduce o texto con precisión nas diferentes texturas traballadas; os erros son escasos e puntuais e non modifican de maneira significativa a lectura.	Reproduce de maneira moi precisa e consistente os elementos escritos nas diferentes texturas propias do curso, con erros inexistentes ou excepcionais.
IL1.4 ***15%***	As paradas, reinicios ou repeticións son reiterados e impiden manter o desenvolvemento global do fragmento.	Mantén algúns tramos continuos, pero as paradas, reinicios ou repeticións fragmentan con frecuencia a execución.	Mantén globalmente a continuidade da lectura; poden aparecer interrupcións ocasionais, pero non fragmentan de maneira significativa o desenvolvemento do fragmento.	Mantén unha execución continua; as interrupcións son escasas e, ante pequenos desaxustes, continúa sen reiniciar nin repetir o xa executado.	Mantén a continuidade de maneira moi consistente durante todo o fragmento, absorbendo os pequenos erros ou desaxustes sen interromper nin reconstruír o discurso.
IL1.5 ***15%***	O pulso presenta variacións continuas ou moi acusadas que impiden establecer unha referencia temporal estable.	Establece un pulso recoñecible, pero presenta aceleracións, retardos ou oscilacións frecuentes que alteran de maneira apreciable a estabilidade temporal.	Mantén un pulso suficientemente estable durante o conxunto da execución, aínda que aparecen oscilacións ocasionais.	Mantén o pulso con estabilidade durante practicamente toda a execución; as pequenas oscilacións son escasas e non alteran o desenvolvemento temporal.	Mantén o pulso con moi alta estabilidade e consistencia ao longo de toda a execución, sen oscilacións significativas alleas ás indicacións musicais do texto.
IL1.6 ***15%***	Omite a maior parte das indicacións expresivas presentes na partitura ou apenas as incorpora á execución.	Aplica algunhas indicacións expresivas, pero omite outras relevantes ou as realiza de maneira irregular.	Integra as principais indicacións expresivas presentes na partitura, aínda que algunhas poden aparecer con menor definición ou estabilidade.	Integra de maneira estable a maior parte das indicacións expresivas presentes no texto e mantén a súa aplicación ao longo da lectura.	Integra de maneira completa e moi consistente as indicacións expresivas presentes na partitura, incorporándoas con naturalidade ao desenvolvemento da lectura.
IL1.7 ***10%***	Non consegue reducir a partitura a tres voces conservando	Conserva algúns elementos relevantes, pero omite ou modifica con frecuencia outros	Realiza unha redución funcional a tres voces, conservando os principais elementos musicais do texto, aínda que pode	Realiza a redución con claridade e estabilidade, seleccionando e conservando adecua-	Realiza de maneira moi consistente unha redución clara e funcional a tres voces, selec-

os elementos musicais necesarios para recoñecer a súa estrutura esencial.	necesarios, polo que a redución representa só parcialmente o texto de partida.	presentar algunha omisión ou solución pouco definida.	damente os elementos esenciais, con imprecisións escasas.	cionando con precisión os elementos esenciais e mantendo as relacións musicais relevantes do texto de partida.

Axuste da cualificación segundo o tempo de execución

Para cada exercicio de repentización establecerase previamente un tempo de referencia, adecuado ao nivel do curso e ás características do fragmento. A puntuación obtida na rúbrica axustarase segundo a relación entre a velocidade do pulso mantida polo alumnado e ese tempo de referencia.

Se a execución se realiza ao tempo de referencia ou a unha velocidade superior, conservarase íntegra a puntuación obtida na rúbrica. Se se realiza a unha velocidade inferior, a puntuación reducirase na mesma proporción. Así, unha execución ao 80 % do tempo de referencia conservará o 80 % da puntuación obtida; unha execución ao 60 %, o 60 %.

Cando a velocidade do pulso sexa inferior ao 50 % do tempo de referencia, a cualificación do CE1 será de **1 punto**. A execución a unha velocidade superior á de referencia non incrementará a puntuación. En ningún caso a aplicación deste axuste poderá dar lugar a unha cualificación do CE1 inferior a **1 punto**.

CE2. Transportar fragmentos musicais e estruturas harmónicas adecuados ao nivel do curso, aplicando os procedementos de transposición correspondentes, e realizar a lectura de instrumentos transpositores.

Indicadores de logro

IL2.1. Aplica a técnica e a mecánica tradicional do transporte.

IL2.2. Transporta fragmentos musicais a intervalos de 2ª maior, 2ª menor, 3ª maior e 3ª menor, ascendente e descendente, nas diferentes modalidades acordeonísticas.

IL2.3. Transporta estruturas harmónicas a intervalos de 2ª maior, 2ª menor, 3ª maior e 3ª menor, en tonalidades de ata cinco alteracións.

IL2.4. Realiza a lectura de partituras de instrumentos transpositores en si♭ a dous pentagramas.

	1–2	3–4	5–6	7–8	9–10
IL2.1 ***20%***	Non aplica os procedementos básicos do transporte ou comete erros reiterados na determinación das claves, armaduras ou diferenzas necesarias.	Aplica correctamente algúns elementos do procedemento, pero comete erros frecuentes nas claves, armaduras ou diferenzas que dificultan a realización do transporte.	Aplica correctamente os procedementos fundamentais de claves, armaduras e diferenzas, aínda que pode cometer erros ocasionais na súa utilización.	Aplica os procedementos de transporte con precisión e estabilidade, con erros escasos que non comprometen a súa aplicación.	Aplica de maneira moi precisa e consistente os procedementos de claves, armaduras e diferenzas requiridos nos distintos transportes.
IL2.2 ***30%***	Non conserva de maneira recoñecible o intervalo de transporte establecido e os erros de notas ou alteracións impiden manter a correspondencia co fragmento orixinal.	Conserva correctamente o transporte en determinados tramos, pero os erros frecuentes de notas ou alteracións provocan desviacións reiteradas respecto do intervalo establecido.	Mantén correctamente o intervalo de transporte durante a maior parte do fragmento nos intervalos propios do curso, aínda que poden aparecer erros ocasionais de notas ou alteracións.	Transporta os fragmentos aos distintos intervalos traballados con precisión e estabilidade, con erros escasos e puntuais que non modifican a relación co orixinal.	Transporta de maneira moi precisa e consistente os fragmentos aos diferentes intervalos requiridos, mantendo ao longo da execución as relacións correspondentes ao transporte establecido.
IL2.3 ***30%***	Non conserva as relacións funcionais da estrutura harmónica ao cambiala de tonalidade ou presenta erros reiterados que impiden recoñecer a estrutura proposta.	Conserva parte das relacións harmónicas, pero comete erros frecuentes na transposición dos graos ou acordes, especialmente ao aumentar a distancia de transporte ou a complexidade tonal.	Transporta a estrutura mantendo correctamente os graos e funcións harmónicas fundamentais nos intervalos e tonalidades propios do curso, aínda que pode presentar erros ocasionais.	Transporta as estruturas con precisión e estabilidade nos distintos intervalos e tonalidades traballados, conservando as relacións funcionais con erros escasos.	Transporta de maneira moi precisa e consistente as estruturas propostas nos diferentes intervalos e tonalidades requiridos, conservando plenamente as súas relacións funcionais.
IL2.4 ***20%***	Non establece de maneira funcional a correspondencia entre a escritura do instrumento en si♭ e o son resultante, producíndose erros reiterados que impiden manter a lectura dos dous pentagramas.	Establece correctamente a correspondencia nalgúns tramos, pero comete erros frecuentes que dificultan manter unha lectura suficientemente consistente dos dous pentagramas.	Realiza correctamente a lectura na maior parte da partitura a dous pentagramas, aínda que poden aparecer erros ocasionais na transposición propia do instrumento en si♭.	Realiza a lectura a dous pentagramas con precisión e estabilidade, con erros escasos e puntuais na correspondencia entre escritura e son resultante.	Realiza de maneira moi precisa e consistente a lectura de partituras a dous pentagramas, mantendo correctamente ao longo da execución a correspondencia propia do instrumento transpositor en si♭.

CE3. Realizar instrumentalmente estruturas harmónicas adecuadas ao nivel do curso, aplicando os elementos e procedementos harmónicos traballados.

Indicadores de logro

IL3.1. Recoñece auditivamente os acordes das diferentes funcións harmónicas e o acorde de 7ª de dominante.

IL3.2. Realiza as cadencias auténtica, plagal, semicadencia e rota en tonalidades de ata cinco alteracións, empregando acordes de 7ª de dominante.

IL3.3. Realiza estruturas harmónicas de catro ou oito compases fundamentadas nos diferentes graos dunha tonalidade, empregando acordes tríades maiores, menores, aumentados e diminuídos e acordes de 7ª de dominante principal e secundarias en todas as posicións.

IL3.4. Aplica diferentes formulacións rítmicas á realización de estruturas harmónicas.

	1–2	3–4	5–6	7–8	9–10
IL3.1 ***15%***	Non identifica de maneira funcional os acordes das diferentes funcións harmónicas e presenta confusións reiteradas, incluída a 7ª de dominante.	Identifica correctamente algúns acordes ou funcións, pero mantén confusións frecuentes que impiden un recoñecemento suficientemente consistente.	Recoñece correctamente a maior parte dos acordes das diferentes funcións harmónicas e a 7ª de dominante, aínda que pode presentar confusións ocasionais.	Recoñece os diferentes acordes e funcións con precisión e estabilidade, con confusións escasas e puntuais.	Recoñece de maneira moi precisa e consistente os acordes das diferentes funcións harmónicas e a 7ª de dominante nas progresións traballadas.
IL3.2 ***25%***	Non consegue realizar de maneira recoñecible as cadencias requiridas ou presenta erros reiterados na súa estrutura harmónica e no emprego da 7ª de dominante.	Realiza correctamente algunhas cadencias ou nalgunhas tonalidades, pero mantén erros frecuentes na sucesión dos acordes ou no emprego da 7ª de dominante.	Realiza as catro cadencias requiridas nas tonalidades propias do nivel, empregando funcionalmente a 7ª de dominante, aínda que poden aparecer erros ocasionais.	Realiza as diferentes cadencias con precisión e estabilidade nas tonalidades traballadas, empregando correctamente a 7ª de dominante e con erros escasos.	Realiza de maneira moi precisa e consistente os distintos tipos de cadencia nas tonalidades correspondentes ao nivel, integrando correctamente a 7ª de dominante.
IL3.3 ***40%***	Non consegue manter a estrutura harmónica proposta ou presenta erros reiterados na selección, constitución ou función dos acordes requiridos.	Mantén parcialmente a estrutura, pero aparecen erros frecuentes na utilización dos diferentes graos, acordes ou posicións.	Realiza correctamente a estrutura de catro ou oito compases empregando os diferentes graos e o vocabulario harmónico propio do curso, aínda que pode presentar erros ocasionais.	Realiza a estrutura con precisión e estabilidade, empregando correctamente os diferentes graos, acordes e posicións, incluídas as 7ªs de dominante principal e secundarias, con erros escasos.	Realiza de maneira moi precisa e consistente as estruturas propostas, integrando correctamente ao longo de toda a realización os diferentes graos, acordes e posicións correspondentes ao nivel.
IL3.4 ***20%***	Non consegue aplicar unha formulación rítmica de maneira funcional á estrutura harmónica ou perde reiteradamente o patrón empregado.	Aplica algunhas formulacións rítmicas, pero con erros ou interrupcións frecuentes que dificultan a súa integración coa estrutura harmónica.	Aplica diferentes formulacións rítmicas á estrutura harmónica e mantén funcionalmente o patrón empregado, aínda que poden aparecer desaxustes ocasionais.	Aplica diferentes formulacións rítmicas con estabilidade e mantén o patrón de maneira consistente ao longo da estrutura.	Aplica con moita precisión e consistencia as diferentes formulacións rítmicas traballadas, integrándoas de maneira estable ao longo de toda a estrutura.

CE4. Realizar cifrados e acompañamentos adecuados ao nivel do curso, aplicando instrumentalmente a información harmónica indicada e integrando, cando corresponda, a melodía.

Indicadores de logro

IL4.1. Realiza baixos cifrados empregando acordes tríades maiores, menores, aumentados e diminuídos e acordes de 7ª de dominante e 7ª diminuída, principais e secundarias, en todas as posicións e en tonalidades de ata cinco alteracións, incluíndo procesos de modulación diatónica a tons veciños.

IL4.2. Incorpora notas de paso, floreos, apoiaturas e retardos na realización de baixos cifrados.

IL4.3. Realiza acompañamentos a partir dun cifrado anglosaxón empregando unha formulación rítmica adecuada.

IL4.4. Integra a melodía na realización do acompañamento a partir dun cifrado anglosaxón.

IL4.5. Realiza un acompañamento harmónico-rítmico a unha melodía proposta, empregando o manual esquerdo ou os dous manuais.

	1–2	3–4	5–6	7–8	9–10
IL4.1 ***30%***	Non interpreta funcionalmente o cifrado ou presenta erros reiterados na constitución dos acordes, nas súas posicións ou nos procesos de modulación.	Interpreta correctamente parte do cifrado, pero os erros frecuentes nos acordes, posicións ou modulacións alteran de maneira apreciable a realización.	Realiza correctamente a maior parte do baixo cifrado empregando o vocabulario harmónico e os procesos de modulación propios do curso, aínda que poden aparecer erros ocasionais.	Realiza o baixo cifrado con precisión e estabilidade, empregando correctamente os acordes, posicións e modulacións, con erros escasos e puntuais.	Realiza o baixo cifrado de maneira moi precisa e consistente, resolvendo correctamente ao longo de toda a realización o vocabulario harmónico, as posicións e os procesos de modulación requiridos.

IL4.2 ***15%***	Non emprega funcionalmente os recursos traballados ou a súa utilización produce desaxustes reiterados coa estrutura harmónica.	Emprega correctamente algún dos recursos, pero presenta erros frecuentes na súa preparación, resolución ou integración.	Incorpora notas de paso, floreos, apoiaturas e retardos de maneira funcional na maior parte da realización, aínda que poden aparecer erros ocasionais.	Emprega estes recursos con corrección e estabilidade, integrándoos coherentemente na realización do baixo cifrado e con erros escasos.	Emprega de maneira moi precisa e consistente os diferentes recursos traballados, integrándoos con naturalidade na realización harmónica.
IL4.3 ***20%***	Non transforma de maneira funcional o cifrado anglosaxón nun acompañamento ou presenta erros reiterados na realización dos acordes e do patrón rítmico.	Realiza correctamente parte do cifrado, pero os erros frecuentes nos acordes ou a inestabilidade rítmica impiden manter un acompañamento suficientemente funcional.	Realiza o acompañamento a partir do cifrado con acordes correctos e unha formulación rítmica funcional, aínda que poden aparecer erros ou desaxustes ocasionais.	Realiza o acompañamento con precisión e estabilidade, mantendo correctamente os acordes e a formulación rítmica ao longo da maior parte do fragmento.	Realiza de maneira moi precisa e consistente o acompañamento indicado polo cifrado, mantendo plenamente integrados os acordes e a formulación rítmica durante todo o fragmento.
IL4.4 ***15%***	A incorporación da melodía impide manter de maneira funcional o acompañamento ou a propia liña melódica, producíndose erros ou interrupcións reiterados.	Integra melodía e acompañamento en determinados tramos, pero presenta desaxustes frecuentes entre ambos que comprometen a realización conxunta.	Integra melodía e acompañamento de maneira funcional durante a maior parte do fragmento, aínda que poden aparecer desaxustes ocasionais entre ambas partes.	Integra melodía e acompañamento con estabilidade, mantendo coordinadas ambas funcións con desaxustes escasos e puntuais.	Integra melodía e acompañamento de maneira moi consistente, mantendo ambas funcións claramente coordinadas ao longo de toda a realización.
IL4.5 ***20%***	Non consegue construír un acompañamento harmónico-rítmico coherente coa melodía proposta ou presenta incompatibilidades reiteradas entre ambos elementos.	Constrúe un acompañamento parcialmente coherente coa melodía, pero presenta erros ou desaxustes frecuentes na relación harmónica ou rítmica.	Realiza un acompañamento harmónico-rítmico funcional e coherente coa melodía proposta, empregando o manual esquerdo ou os dous manuais, aínda que poden aparecer desaxustes ocasionais.	Realiza un acompañamento coherente e estable, adaptando adecuadamente a harmonía e a formulación rítmica á melodía proposta.	Realiza de maneira moi consistente un acompañamento harmónico-rítmico plenamente coherente coa melodía proposta, mantendo unha relación estable e ben integrada entre melodía, harmonía e ritmo.

CE5. Improvisar fragmentos musicais a partir de estruturas harmónicas adecuadas ao nivel do curso, desenvolvendo e organizando con coherencia o material melódico-rítmico e aplicando os recursos traballados.

Indicadores de logro

IL5.1. Desenvolve unha liña melódica coherente coa estrutura harmónica proposta, empregando o vocabulario harmónico propio do curso.

IL5.2. Desenvolve o material melódico-rítmico mediante procedementos de variación e desenvolvemento de motivos en compases simples e compostos.

IL5.3. Organiza o material melódico de acordo cos principios de pregunta-resposta.

IL5.4. Emprega notas reais, notas de paso, floreos, apoiaturas e anticipacións na elaboración melódica.

IL5.5. Improvisa sobre a progresión harmónica básica do blues empregando a escala e os motivos rítmicos propios do estilo.

	1–2	**3–4**	**5–6**	**7–8**	**9–10**
IL5.1 ***30%***	A liña melódica non mantén unha relación funcional coa estrutura harmónica e presenta desaxustes reiterados cos acordes sobre os que se desenvolve.	Mantén unha relación coherente coa harmonía nalgúns tramos, pero presenta desaxustes frecuentes que debilitan a correspondencia entre melodía e estrutura harmónica.	Desenvolve unha liña melódica globalmente coherente coa estrutura harmónica e co vocabulario propio do curso, aínda que poden aparecer desaxustes ocasionais.	Desenvolve a liña melódica con estabilidade e boa correspondencia coa estrutura harmónica, empregando adecuadamente o vocabulario traballado e con desaxustes escasos.	Desenvolve de maneira moi consistente unha liña melódica plenamente coherente coa estrutura harmónica, integrando con precisión o vocabulario propio do curso ao longo de toda a improvisación.
IL5.2 ***25%***	O material melódico-rítmico aparece pouco relacionado ou repetitivo e non se aprecia un desenvolvemento funcional dos motivos empregados.	Introduce algunha transformación dos motivos, pero o desenvolvemento resulta irregular ou pouco claro e presenta dificultades frecuentes na organización rítmica.	Desenvolve os motivos mediante procedementos sinxelos de variación en compases simples e compostos, aínda que algunhas transformacións poden resultar pouco definidas.	Desenvolve e transforma os motivos con claridade e estabilidade, mantendo unha organización melódico-rítmica coherente nos diferentes compases traballados.	Desenvolve de maneira moi consistente os motivos mediante procedementos variados e claramente relacionados, integrándoos con naturalidade nun discurso melódico-rítmico coherente.
IL5.3 ***15%***	Non se aprecia unha organización recoñecible en pregunta-resposta ou as frases aparecen sen relación clara entre elas.	Aparecen intencións de pregunta-resposta, pero a relación entre ambas partes resulta pouco clara ou irregular.	Organiza a improvisación mediante unha relación recoñecible de pregunta-resposta, aínda que algunhas correspondencias poden resultar pouco definidas.	Organiza con claridade e estabilidade as frases segundo o principio de pregunta-resposta, mantendo unha relación coherente entre ambas partes.	Organiza de maneira moi clara e consistente o material melódico mediante relacións de pregunta-resposta ben definidas ao longo da improvisación.
IL5.4 ***15%***	Emprega de maneira incorrecta ou moi limitada os recursos melódicos traballados, producindo desaxustes reiterados na elaboración da liña.	Emprega correctamente algúns dos recursos, pero presenta erros frecuentes ou unha utilización pouco consistente.	Emprega correctamente notas reais, notas de paso, floreos, apoiaturas e anticipacións na maior parte da improvisación, aínda que poden aparecer erros ocasionais.	Emprega estes recursos con corrección e estabilidade, integrándoos coherentemente na elaboración melódica e con erros escasos.	Emprega de maneira moi precisa e consistente os diferentes recursos melódicos traballados, integrándoos con naturalidade no desenvolvemento da improvisación.

IL5.5 ***15%***	Non mantén de maneira recoñecible a progresión harmónica básica do blues ou non emprega funcionalmente os recursos melódico-rítmicos propios do estilo.	Mantén parcialmente a estrutura do blues, pero presenta desaxustes frecuentes na relación entre progresión, escala ou motivos rítmicos empregados.	Improvisa funcionalmente sobre a progresión básica do blues empregando a escala e algúns motivos rítmicos propios do estilo, aínda que poden aparecer desaxustes ocasionais.	Improvisa sobre a progresión do blues con estabilidade, empregando adecuadamente a escala e os motivos rítmicos traballados, con desaxustes escasos.	Improvisa de maneira moi consistente sobre a progresión do blues, integrando con claridade e naturalidade a escala e os motivos rítmicos propios do estilo.

Mínimos esixibles

Para superar a materia será necesario, ademais de obter unha cualificación global ponderada igual ou superior a **5**, alcanzar como mínimo a franxa **5–6** en todos os indicadores establecidos como mínimos de logro.

Mínimos de logro

IL1.4. Mantén a continuidade da execución, evitando interrupcións innecesarias.
IL2.2. Transporta fragmentos musicais a intervalos de 2ª maior, 2ª menor, 3ª maior e 3ª menor, ascendente e descendente, nas diferentes modalidades acordeonísticas.
IL3.2. Realiza as cadencias auténtica, plagal, semicadencia e rota en tonalidades de ata cinco alteracións, empregando acordes de 7ª de dominante.
IL3.3. Realiza estruturas harmónicas de catro ou oito compases fundamentadas nos diferentes graos dunha tonalidade, empregando acordes tríades maiores, menores, aumentados e diminuídos e acordes de 7ª de dominante principal e secundarias en todas as posicións.
IL4.3. Realiza acompañamentos a partir dun cifrado anglosaxón empregando unha formulación rítmica adecuada.
IL5.1. Desenvolve unha liña melódica coherente coa estrutura harmónica proposta, empregando o vocabulario harmónico propio do curso.

Para considerar alcanzado cada un destes mínimos será necesario obter como mínimo unha valoración correspondente á franxa **5–6** da súa rúbrica.

Procedementos e instrumentos de avaliación

Entre os procedementos de avaliación teranse en conta os seguintes:

→ Observación sistemática, diaria e directa das actividades e realizacións prácticas desenvolvidas na aula.
→ Análise das producións e traballos realizados polo alumnado, incluídas, cando proceda, gravacións ou outras evidencias que permitan valorar a súa evolución.

Como instrumentos:

→ Caderno de aula do profesor.
→ Rúbricas de avaliación.
→ Listas de cotexo.

Os diferentes procedementos e instrumentos utilizaranse en función dos criterios de avaliación e dos indicadores de logro que se pretendan valorar.

Temporalización da avaliación

Segundo o momento no que se recolla a información, a avaliación será:

→ **Inicial:** realizarase ao comezo do curso e sempre que se inicie un novo proceso de aprendizaxe, co obxecto de coñecer o punto de partida do alumnado e orientar a planificación do proceso de ensino-aprendizaxe. Poderá basearse na observación, en actividades prácticas ou en cuestións de carácter oral.

→ **Continua:** desenvolverase ao longo de todo o curso e permitirá identificar os logros e as dificultades do alumnado, seguir a súa evolución e introducir os axustes necesarios no proceso de ensino-aprendizaxe. Para iso recolleranse de maneira sistemática evidencias das aprendizaxes realizadas.

→ **Final:** permitirá valorar, ao remate do curso, o grao de adquisición das aprendizaxes a partir das evidencias obtidas ao longo do proceso de avaliación continua.

Para garantir unha avaliación continua e obxectiva será necesaria a recollida de evidencias suficientes ao longo do curso. Cando, como consecuencia dunha asistencia insuficiente ou por outras circunstancias, non se dispoña de evidencias suficientes para valorar un ou varios criterios de avaliación ou indicadores de logro, realizaranse as actividades ou probas específicas necesarias para obter esas evidencias. En todo caso, as evidencias así obtidas valoraranse de acordo cos mesmos criterios de avaliación, indicadores de logro e rúbricas establecidos para o curso, sen alterar os mínimos esixibles nin os criterios de cualificación.

Criterios de cualificación

A cualificación obterase a partir da valoración dos criterios de avaliación e dos seus indicadores de logro.

Cada indicador será valorado nunha escala de 1 a 10 mediante a rúbrica correspondente. A cualificación de cada criterio calcularase aplicando a ponderación establecida para os seus indicadores e, posteriormente, aplicaranse as porcentaxes asignadas aos distintos criterios para obter a cualificación global.

En 5º de Grao Profesional, os criterios de avaliación terán a seguinte ponderación:

Criterio de avaliación	Ponderación
CE1	20 %
CE2	20 %
CE3	20 %
CE4	20 %
CE5	20 %
Total	100 %

As cualificacións trimestrais reflectirán o nivel de logro alcanzado polo alumnado no momento de cada avaliación. Cando nun trimestre aínda non se dispoña de evidencias suficientes para valorar algún criterio ou indicador, a cualificación calcularase proporcionalmente a partir dos que puideron ser avaliados.

A cualificación final reflectirá o grao de logro alcanzado ao remate do curso nos diferentes criterios de avaliación e indicadores de logro, tendo en conta o conxunto das evidencias recollidas durante o proceso de avaliación continua. Para determinar este nivel considerarase o desempeño que o alumnado mostre de maneira representativa e suficientemente estable, polo que un resultado puntual de nivel superior non determinará por si só a cualificación final.

De acordo coa Orde do 8 de febreiro de 2008, pola que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas profesionais de música, a cualificación final será consecuencia da valoración das aprendizaxes específicas da materia e da madureza académica acadada polo alumnado en relación cos obxectivos xerais das ensinanzas de música, no marco do proceso de avaliación continua.

Para superar a materia será necesario cumprir simultaneamente os seguintes requisitos:

→ obter unha cualificación global ponderada igual ou superior a **5**;
→ alcanzar, como mínimo, a franxa **5–6** en todos os indicadores establecidos como mínimos de logro.

Cando a cualificación global ponderada sexa igual ou superior a 5 pero non se cumpra algún dos mínimos de logro establecidos para o curso, a cualificación final será **4**.

O resultado da avaliación final expresarase mediante unha escala numérica de 1 a 10, sen decimais. Consideraranse positivas as cualificacións iguais ou superiores a 5 e negativas as inferiores a 5. Para obter unha cualificación positiva será necesario alcanzar unha cualificación global ponderada igual ou superior a 5 antes de expresala sen decimais; unha cualificación inferior a 5 non poderá converterse en positiva por efecto do redondeo.

Para o alumnado con avaliación negativa, o profesor da materia elaborará un informe sobre os obxectivos e contidos non acadados, indicando tamén os criterios de avaliación e indicadores de logro que requiran recuperación e propoñendo as actividades necesarias para a súa superación.

Criterios para a concesión de ampliación de matrícula
Como recolle o artigo 15º do Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música, é competencia do consello escolar de cada centro autorizar, con carácter excepcional, a ampliación de matrícula ao curso seguinte do alumnado que, logo da orientación do profesorado, así o solicite, sempre que o informe da totalidade do profesorado do alumno ou da alumna xustifique, conforme criterios obxectivos, a súa adecuada capacidade de aprendizaxe do curso actual e daquel ao cal aspire a acceder.

Na materia de Repentización e Acompañamento, a valoración desta capacidade terá en conta o grao de adquisición dos criterios de avaliación e indicadores de logro do curso actual, así como a evolución, autonomía e capacidade do alumnado para afrontar as aprendizaxes do curso seguinte. Cando se considere necesario completar as evidencias dispoñibles, poderá realizarse unha proba ou actividade específica de avaliación.

8.2.4 Medidas de recuperación

Procedementos de recuperación ordinarios
Dado o carácter continuo da avaliación, a recuperación das aprendizaxes non acadadas desenvolverase ao longo do propio proceso de ensino-aprendizaxe. O profesor identificará os criterios de avaliación e indicadores de logro nos que o alumnado presente dificultades e proporá as actividades de reforzo, revisión ou estudo que resulten necesarias.

A recuperación poderá realizarse mediante a revisión dos exercicios e actividades traballadas, a realización de novas actividades, a adaptación das estratexias de estudo ou outras tarefas que permitan superar as dificultades detectadas. Cando sexa necesario, recolleranse novas evidencias para comprobar o grao de logro alcanzado.

Poderán empregarse tamén, cando estean dispoñibles e se consideren adecuados, outros recursos de apoio ou reforzo organizados polo centro.

Probas extraordinarias

O alumnado que non supere a materia na avaliación ordinaria poderá realizar unha proba extraordinaria na que deberá demostrar o grao de adquisición dos criterios de avaliación e indicadores de logro establecidos para o curso.

A proba incluirá actividades de repentización, transposición, realización harmónica, cifrado e acompañamento e improvisación, adecuadas ao nivel de 5º de Grao Profesional, de maneira que permitan obter evidencias suficientes dos criterios de avaliación e indicadores de logro establecidos para o curso.

Cando sexa necesario, poderán realizarse varias tarefas dentro dun mesmo ámbito ou actividades complementarias que permitan obter evidencias suficientes daqueles criterios ou indicadores que non poidan ser valorados adecuadamente mediante unha única realización.

A avaliación da proba realizarase empregando os mesmos criterios de avaliación, indicadores de logro, rúbricas e ponderacións establecidos para o curso.

Para superar a proba será necesario cumprir simultaneamente os seguintes requisitos:

→ obter unha cualificación global ponderada igual ou superior a **5**;
→ alcanzar, como mínimo, a franxa **5–6** en todos os indicadores establecidos como mínimos de logro.

Cando a cualificación global ponderada sexa igual ou superior a 5 pero non se cumpra algún dos mínimos de logro establecidos para o curso, a cualificación da proba extraordinaria será **4**.

O resultado expresarase mediante unha escala numérica de 1 a 10, sen decimais. Consideraranse positivas as cualificacións iguais ou superiores a 5 e negativas as inferiores a 5. Para obter unha cualificación positiva será necesario alcanzar unha cualificación global ponderada igual ou superior a 5 antes de expresala sen decimais; unha cualificación inferior a 5 non poderá converterse en positiva por efecto do redondeo.

Se o alumno ou alumna non comparece á proba extraordinaria, consignarase como **Non Presentado (NP)**, coa consideración que estableza a normativa aplicable.

8.2.5 Recursos didácticos

- Abbott, Alain: *Cours complet de lecture à vue*. Editorial Henry Lemoine.
- Asins Arbó, Miguel: 101 Ejercicios para la práctica de la repentización y el transporte al piano. Editorial Real Musical.
- Asins Arbó, Miguel: *Bajo cifrado. Ejercicios progresivos*. Editorial Unión Musical.
- Asins, Molina, Williart: *El Acompañamiento de la Melodía*. Editorial Real Musical.
- Cisneros, Doña, Rodríguez, Molina: *Improvisación y Acompañamiento*. Editorial Enclave Creativa.
- Cortada, María Lluisa: *Teoría y práctica del bajo continuo*. Editorial Dinsic.
- Doupond, Gerard: *Método de transposición*. Editorial Boileau.
- Hal Leonard Publishing Corporation: *The Real Book*. Ed. Hal Leonard.
- López Artiga, Ángeles: Método de acompañamiento improvisado para instrumentos de teclado. Piles, Editorial de Música.

- Molina, Emilio: *Improvisación al piano*, vols. 1-4. Editorial Real Musical.
- Progris, James: *A Modern Method for Keyboard Study*, vols. 1-4. Editorial Hal Leonard.
- Santacana, Benjamí: *El piano a primera vista*. Editorial de Música Boileau.
- Tobin, Raymond: How to improvise piano accompaniments. Real Musical.

8.3 Curso: 6º Grao Profesional

8.3.1 Obxectivos

→ Analizar desde unha perspectiva melódica, harmónica, rítmica e formal obras dun nivel equivalente ao 3º e 4º cursos de Grao Elemental de Acordeón para acadar unha comunicación artística de calidade e unha interpretación comprensiva.

→ Interpretar a primeira vista partituras de carácter solista, acompañante ou de conxunto dun nivel equivalente ao 3º e 4º cursos de Grao Elemental de Acordeón. Coñecer e aplicar os aspectos, as técnicas e as estratexias necesarias para dito propósito.

→ Coñecer e aplicar a técnica e a mecánica tradicional do transporte: claves, armaduras, diferenzas. Transportar a distancia de 2ªM, 2ªm, 3ªM, 3ªm e 4ªX ascendente e descendente nas diferentes modalidades acordeonísticas.

→ Realizar acompañamentos musicais con estruturas harmónicas fundamentadas en acordes tríades e cuatríades sen función de dominante, asi como acordes de 7ª de dominante, 7ª de sensible e 7ª diminuída (principais e secundarias) en todas as posicións. Recoñecer auditivamente os elementos harmónicos presentes na construción da música tonal.

→ Dominar a execución instrumental dos diferentes tipos de cadencias nas diferentes tonalidades. Aumentar a extensión das cadencias e introducir acordes de 7ª de dominante e 7ª diminuída.

→ Realizar baixos cifrados e aplicar o cifrado angloxasón empregando acordes tríades maiores, menores, aumentadas e diminuídas, acordes de 7ª sen función de dominante, acordes de 7ª de dominante, 7ª de sensible e 7ª diminuída (principais e secundarias) en todas as posicións.

→ Improvisar fragmentos musicais con patróns melódico-rítmicos, estruturas harmónicas e procesos cadenciais sinxelos empregando sétimas diatónicas, acordes de 7ª de dominante e 7ª diminuída. Aplicar a variación e o desenvolvemento de motivos, aplicando fórmulas rítmicas características do jazz, o blues ou a música popular. Fomentar a exploración sonora e a creatividade.

→ Adquirir capacidade de resposta ante diversas dificultades técnicas e interpretativas.

→ Coñecer e pór en práctica os elementos e procedementos harmónicos e fraseolóxicos básicos do sistema tonal.

8.3.2 Contidos

Repentización

→ Análise melódica, harmónica, rítmica e formal aplicada á repentización de obras de diferentes épocas e estilos.

→ Lectura á vista de partituras tanto de solista como de acompañante nas diferentes modalidades acordeonísticas, dun nivel equivalente ao 3º e 4º cursos de Grao Elemental de Acordeón, abarcando diferentes estilos, texturas e formas nas claves propias do acordeón.

→ Lectura de fragmentos a dúas, tres e catro voces. Aplicación de fórmulas de redución de partituras vocais e instrumentais.

→ O hábito da lectura a primeira vista. Aplicación de aspectos —seguridade na lectura e no ritmo, evitar interromper a lectura, familiaridade cos intervalos, escalas e arpexos—, técnicas e estratexias —anticipación na lectura, búsqueda das características que se repiten, comprobación rutinaria de elementos importantes—.
→ Valoración das dificultades técnicas e interpretativas. Estratexias e ferramentas para afrontalas.
→ Memorización da estrutura harmónica de fragmentos musicais.

Transposición

→ Afianzamento e perfeccionamento do transporte a intervalos de 3ªM e 3ªm ascendente e descendente partindo de calquera tonalidade nas diferentes modalidades acordeonísticas.
→ Transporte de fragmentos breves a intervalos de 4ªX ascendente e descendente partindo de calquera tonalidade nas diferentes modalidades acordeonísticas.
→ Transporte de estruturas harmónicas con ou sen modulacións a tonalidades de ata sete alteracións, utilizando acordes tríades e cuatríades en todas as posicións.
→ Asimilación auditiva de todos os acordes das diferentes funcións harmónicas e do acorde de 7ª de dominante. Recoñecemento auditivo dos acordes de 7ª de sensible e 7ª diminuída.
→ Acompañamento á vista de pezas para transportar.
→ Lectura de partituras con instrumentos transpositores en Si♭ a dous pentagramas.

Cifrado

→ Práctica de baixos cifrados e realización do cifrado anglosaxón para acompañar melodías, empregando acordes tríades maiores, menores, aumentados e diminuídos, acordes de 7ª sen función de dominante, 7ª de dominante, 7ª de sensible e 7ª diminuída (principais e secundarias) en todas as posicións; en tonalidades de ata sete alteracións; procesos de modulación diatónica e cromática.
→ Asimilación e dominio do uso das notas de paso, floreos, apoiaturas e retardos nos baixos cifrados.
→ Asimilación e dominio dos diferentes tipos de cadencias. Cadencia dobre. Uso dos acordes de 7ª de dominante e 7ª diminuída en tonalidades de ata sete alteracións.
→ Execución de fórmulas de acompañamento sobre un baixo cifrado ou a partir dun cifrado angloxasón. Práctica sobre temas da música popular, jazz e blues.

Improvisación

→ Improvisación de fragmentos con estruturas harmónicas básicas elaborando frases, breves fragmentos e pequenas pezas, empregando acordes tríades maiores, menores, acordes de 7ª sen función de dominante, de 7ª de dominante e 7ª diminuída (principais e secundarias) en tonalidades ata sete alteracións.
→ Desenvolvemento melódico-rítmico en base a unha estrutura harmónica en compases simples e compostos.
→ Asimilación e dominio das notas de paso e floreo, apoiaturas e anticipacións na improvisación.
→ Subdivisión interna da frase, estruturas binarias e ternarias.
→ Profundamento e desenvolvemento da forma Blues.
→ Acompañamentos harmónico-rítmicos a una melodía proposta —utilizando o manual esquerdo para acompañarse a si mesmo ou os dous manuais ao mesmo tempo— empregando acordes tríades maiores, menores, acordes de 7ª sen función de dominante, de 7ª de dominante e 7ª diminuída (principais e secundarias) en tonalidades ata sete alteracións.

8.3.3 Avaliación

A avaliación é un proceso sistemático de indagación e comprensión da realidade educativa que pretende emitir un xuízo de valor orientado á toma de decisións e á mellora. Tal e como recolle o Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música, levarase a cabo tendo en conta os obxectivos e os criterios de avaliación establecidos no currículo e será continua e integradora. Así mesmo, servirá para a mellora tanto dos procesos de ensino como da propia práctica docente.

Asemade, de acordo coa Orde do 8 de febreiro de 2008, pola que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas profesionais de música, na avaliación do proceso de aprendizaxe consideraranse as características propias do alumnado e o contexto sociocultural do centro. O alumnado ten dereito a ser avaliado conforme a criterios de plena obxectividade e a coñecer os resultados das súas aprendizaxes, de xeito que a información obtida contribúa á mellora do seu proceso educativo. Tamén poderá solicitar ao profesorado responsable da materia aclaracións sobre as avaliacións realizadas. Así mesmo, terá dereito a coñecer os procedementos formais de avaliación, a súa natureza, aplicación e criterios de corrección.

Criterios de avaliación

Os criterios de avaliación concretan as aprendizaxes que se valorarán ao longo do curso. Cada criterio desenvólvese mediante varios indicadores de logro, que permiten observar e valorar de maneira máis precisa o grao de adquisición das aprendizaxes correspondentes.

Cada indicador será valorado mediante unha rúbrica organizada en cinco franxas de cualificación: **1–2, 3–4, 5–6, 7–8 e 9–10**. Asignarase a franxa máis alta cuxo descritor quede suficientemente demostrado polas evidencias dispoñibles. Dentro de cada franxa, o valor inferior corresponderá a un desempeño máis irregular ou menos consistente, e o superior ao mesmo nivel de logro manifestado con maior estabilidade e consistencia.

CE1. Repentizar partituras adecuadas ao nivel do curso, como solista, acompañante ou integrante dun conxunto, e realizar reducións de partituras vocais e instrumentais, empregando unha observación previa eficaz e mantendo unha execución precisa, continua e musicalmente coherente.

Indicadores de logro

IL1.1. Identifica na análise previa os elementos melódicos, harmónicos, rítmicos e formais relevantes para orientar a lectura.
IL1.2. Anticipa durante a lectura a información relevante para continuar a execución.
IL1.3. Reproduce con precisión suficiente o texto musical escrito, incluídas as texturas a dúas, tres e catro voces propias do curso.
IL1.4. Mantén a continuidade da execución, evitando interrupcións innecesarias.
IL1.5. Mantén a estabilidade temporal durante a execución.
IL1.6. Integra na lectura as indicacións expresivas presentes na partitura.
IL1.7. Reduce partituras vocais e instrumentais a catro voces, conservando os elementos musicais esenciais e adecuándoos ás posibilidades do acordeón.

	1–2	3–4	5–6	7–8	9–10
IL1.1 ***10%***	Non identifica os elementos melódicos, harmónicos, rítmicos e formais necesarios para orientar a lectura ou recoñece	Identifica algúns elementos relevantes, pero omite outros necesarios para preparar adecuadamente a lectura.	Identifica os principais elementos melódicos, harmónicos, rítmicos e formais necesarios para orientar a lectura,	Identifica de maneira estable os elementos relevantes e es-	Identifica de maneira completa e moi consistente os elementos relevantes e emprega a análise previa para construír

	só datos illados sen utilidade práctica para a execución.		aínda que pode omitir algún aspecto secundario.	tablece as relacións necesarias para preparar con claridade a execución.	unha representación clara do fragmento antes de iniciar a lectura.
IL1.2 ***10%***	Centra a atención case exclusivamente no que está executando e non anticipa a información necesaria para preparar o que segue.	Anticipa algúns elementos, pero con frecuencia detecta demasiado tarde cambios ou información relevante, o que condiciona a preparación da execución inmediata.	Anticipa a información necesaria para preparar a maior parte dos elementos inmediatos, aínda que aparecen reaccións tardías ocasionais.	Anticipa de maneira estable a información relevante antes da súa execución, con poucas reaccións tardías.	Anticipa de maneira sistemática e moi consistente a información relevante ao longo do fragmento, preparando con suficiente antelación os elementos que debe executar.
IL1.3 ***25%***	Comete erros reiterados na lectura de notas, alteracións ou valores rítmicos, de maneira que o texto executado se afasta claramente do escrito.	Reproduce correctamente parte do texto, pero comete erros frecuentes de notas, alteracións ou valores rítmicos que afectan de maneira apreciable á fidelidade da lectura.	Reproduce correctamente a maior parte dos elementos escritos, incluídas as texturas a dúas, tres e catro voces propias do curso, aínda que poden aparecer erros ocasionais que non alteran globalmente o texto musical.	Reproduce o texto con precisión nas diferentes texturas traballadas; os erros son escasos e puntuais e non modifican de maneira significativa a lectura.	Reproduce de maneira moi precisa e consistente os elementos escritos nas diferentes texturas propias do curso, con erros inexistentes ou excepcionais.
IL1.4 ***15%***	As paradas, reinicios ou repeticións son reiterados e impiden manter o desenvolvemento global do fragmento.	Mantén algúns tramos continuos, pero as paradas, reinicios ou repeticións fragmentan con frecuencia a execución.	Mantén globalmente a continuidade da lectura; poden aparecer interrupcións ocasionais, pero non fragmentan de maneira significativa o desenvolvemento do fragmento.	Mantén unha execución continua; as interrupcións son escasas e, ante pequenos desaxustes, continúa sen reiniciar nin repetir o xa executado.	Mantén a continuidade de maneira moi consistente durante todo o fragmento, absorbendo os pequenos erros ou desaxustes sen interromper nin reconstruír o discurso.
IL1.5 ***15%***	O pulso presenta variacións continuas ou moi acusadas que impiden establecer unha referencia temporal estable.	Establece un pulso recoñecible, pero presenta aceleracións, retardos ou oscilacións frecuentes que alteran de maneira apreciable a estabilidade temporal.	Mantén un pulso suficientemente estable durante o conxunto da execución, aínda que aparecen oscilacións ocasionais.	Mantén o pulso con estabilidade durante practicamente toda a execución; as pequenas oscilacións son escasas e non alteran o desenvolvemento temporal.	Mantén o pulso con moi alta estabilidade e consistencia ao longo de toda a execución, sen oscilacións significativas alleas ás indicacións musicais do texto.
IL1.6 ***15%***	Omite a maior parte das indicacións expresivas presentes na partitura ou apenas as incorpora á execución.	Aplica algunhas indicacións expresivas, pero omite outras relevantes ou as realiza de maneira irregular.	Integra as principais indicacións expresivas presentes na partitura, aínda que algunhas poden aparecer con menor definición ou estabilidade.	Integra de maneira estable a maior parte das indicacións expresivas presentes no texto e mantén a súa aplicación ao longo da lectura.	Integra de maneira completa e moi consistente as indicacións expresivas presentes na partitura, incorporándoas con naturalidade ao desenvolvemento da lectura.
IL1.7 ***10%***	Non consegue realizar unha redución funcional a catro voces ou omite elementos esenciais de maneira que se perde a estrutura musical do texto de partida.	Conserva algúns elementos relevantes, pero presenta omisións, alteracións ou distribucións pouco funcionais entre as voces que dificultan unha redución suficientemente coherente.	Realiza unha redución funcional a catro voces, conservando os principais elementos musicais e adecuándoos ás posibilidades do acordeón, aínda que pode presentar algunha omisión ou solución pouco definida.	Realiza a redución con claridade e estabilidade, seleccionando e distribuíndo adecuadamente os elementos esenciais entre as catro voces e adaptándoos de maneira funcional ao acordeón.	Realiza de maneira moi consistente unha redución clara e funcional a catro voces, seleccionando e organizando con precisión os elementos esenciais e mantendo as relacións musicais relevantes do texto de partida.

Axuste da cualificación segundo o tempo de execución

Para cada exercicio de repentización establecerase previamente un tempo de referencia, adecuado ao nivel do curso e ás características do fragmento. A puntuación obtida na rúbrica axustarase segundo a relación entre a velocidade do pulso mantida polo alumnado e ese tempo de referencia.

Se a execución se realiza ao tempo de referencia ou a unha velocidade superior, conservarase íntegra a puntuación obtida na rúbrica. Se se realiza a unha velocidade inferior, a puntuación reducirase na mesma proporción. Así, unha execución ao 80 % do tempo de referencia conservará o 80 % da puntuación obtida; unha execución ao 60 %, o 60 %.

Cando a velocidade do pulso sexa inferior ao 50 % do tempo de referencia, a cualificación do CE1 será de **1 punto**. A execución a unha velocidade superior á de referencia non incrementará a puntuación. En ningún caso a aplicación deste axuste poderá dar lugar a unha cualificación do CE1 inferior a **1 punto**.

CE2. Transportar fragmentos musicais e estruturas harmónicas adecuados ao nivel do curso, aplicando os procedementos de transposición correspondentes, e realizar a lectura de instrumentos transpositores.

Indicadores de logro

IL2.1. Aplica a técnica e a mecánica tradicional do transporte.

IL2.2. Transporta fragmentos musicais a intervalos de 2ª maior, 2ª menor, 3ª maior, 3ª menor e 4ª xusta, ascendente e descendente, nas diferentes modalidades acordeonísticas.

IL2.3. Transporta estruturas harmónicas a intervalos de 2ª maior, 2ª menor, 3ª maior, 3ª menor e 4ª xusta, con ou sen modulacións e empregando acordes tríades e cuatríades nas posicións traballadas, en tonalidades de ata sete alteracións.

IL2.4. Realiza a lectura de partituras de instrumentos transpositores en si♭ a dous pentagramas.

IL2.5. Le e adapta fragmentos orquestrais sinxelos nos que interveñan instrumentos transpositores, adecuándoos ás posibilidades do acordeón.

	1–2	3–4	5–6	7–8	9–10
IL2.1 ***15%***	Non aplica os procedementos básicos do transporte ou comete erros reiterados na determinación das claves, armaduras ou diferenzas necesarias.	Aplica correctamente algúns elementos do procedemento, pero comete erros frecuentes nas claves, armaduras ou diferenzas que dificultan a realización do transporte.	Aplica correctamente os procedementos fundamentais de claves, armaduras e diferenzas, aínda que pode cometer erros ocasionais na súa utilización.	Aplica os procedementos de transporte con precisión e estabilidade, con erros escasos que non comprometen a súa aplicación.	Aplica de maneira moi precisa e consistente os procedementos de claves, armaduras e diferenzas requiridos nos distintos transportes.
IL2.2 ***30%***	Non conserva de maneira recoñecible o intervalo de transporte establecido e os erros de notas ou alteracións impiden manter a correspondencia co fragmento orixinal.	Conserva correctamente o transporte en determinados tramos, pero os erros frecuentes de notas ou alteracións provocan desviacións reiteradas respecto do intervalo establecido.	Mantén correctamente o intervalo de transporte durante a maior parte do fragmento nos intervalos propios do curso, incluída a 4ª xusta, aínda que poden aparecer erros ocasionais.	Transporta os fragmentos aos distintos intervalos traballados con precisión e estabilidade, con erros escasos e puntuais que non modifican a relación co orixinal.	Transporta de maneira moi precisa e consistente os fragmentos aos diferentes intervalos requiridos, mantendo ao longo da execución as relacións correspondentes ao transporte establecido.
IL2.3 ***30%***	Non conserva as relacións funcionais da estrutura harmónica ao transportala ou presenta erros reiterados nos acordes, posicións ou procesos modulatorios que impiden recoñecer a estrutura proposta	Conserva parcialmente as relacións harmónicas, pero comete erros frecuentes na transposición dos acordes, nas súas posicións ou nas modulacións, especialmente nas tonalidades ou intervalos de maior dificultade.	Transporta a estrutura mantendo correctamente as relacións funcionais fundamentais, os acordes tríades e cuatríades e, cando corresponda, os procesos modulatorios, aínda que pode presentar erros ocasionais.	Transporta as estruturas con precisión e estabilidade nos diferentes intervalos e tonalidades traballados, conservando correctamente os acordes, as súas posicións e os procesos de modulación, con erros escasos.	Transporta de maneira moi precisa e consistente as estruturas propostas nos diferentes intervalos e tonalidades requiridos, conservando plenamente as relacións funcionais, as posicións dos acordes e os procesos modulatorios.
IL2.4 ***10%***	Non establece de maneira funcional a correspondencia entre a escritura do instrumento en si♭ e o son resultante, producíndose erros reiterados que impiden manter a lectura dos dous pentagramas.	Establece correctamente a correspondencia nalgúns tramos, pero comete erros frecuentes que dificultan manter unha lectura suficientemente consistente dos dous pentagramas.	Realiza correctamente a lectura na maior parte da partitura a dous pentagramas, aínda que poden aparecer erros ocasionais na transposición propia do instrumento en si♭.	Realiza a lectura a dous pentagramas con precisión e estabilidade, con erros escasos e puntuais na correspondencia entre escritura e son resultante.	Realiza de maneira moi precisa e consistente a lectura de partituras a dous pentagramas, mantendo correctamente ao longo da execución a correspondencia propia do instrumento transpositor en si♭.
IL2.5 ***15%***	Non identifica nin traslada de maneira funcional os elementos necesarios do fragmento orquestral, e os erros de lectura ou adaptación impiden obter unha realización recoñecible no acordeón.	Le correctamente algúns elementos do fragmento, pero presenta erros frecuentes na interpretación dos instrumentos transpositores ou na selección e adaptación da información relevante.	Le e adapta de maneira funcional un fragmento orquestral sinxelo, resolvendo correctamente a maior parte dos instrumentos transpositores e conservando os elementos musicais esenciais, aínda que poden aparecer erros ou omisións ocasionais.	Le e adapta o fragmento con precisión e estabilidade, seleccionando adecuadamente os elementos relevantes e trasladándoos de maneira funcional ao acordeón, con erros ou omisións escasos.	Le e adapta de maneira moi precisa e consistente os fragmentos orquestrais traballados, resolvendo con seguridade os instrumentos transpositores e trasladando con claridade e eficacia os elementos esenciais ás posibilidades do acordeón.

CE3. Realizar instrumentalmente estruturas harmónicas adecuadas ao nivel do curso, aplicando os elementos e procedementos harmónicos traballados.

Indicadores de logro

IL3.1. Recoñece auditivamente os acordes das diferentes funcións harmónicas e os acordes de 7ª de dominante, 7ª de sensible e 7ª diminuída.

IL3.2. Realiza os diferentes tipos de cadencias, incluída a cadencia dobre, en tonalidades de ata sete alteracións, empregando acordes de 7ª de dominante e 7ª diminuída.

IL3.3. Realiza estruturas harmónicas empregando acordes tríades e cuatríades sen función de dominante, así como acordes de 7ª de dominante, 7ª de sensible e 7ª diminuída, principais e secundarias, en todas as posicións.

IL3.4. Incorpora apoios e retardos na realización de estruturas harmónicas.

IL3.5. Aplica diferentes formulacións rítmicas á realización de estruturas harmónicas.

	1–2	3–4	5–6	7–8	9–10
IL3.1 ***15%***	Non identifica de maneira funcional os acordes das diferentes funcións harmónicas e presenta confusións reiteradas entre os distintos tipos de acordes de 7ª traballados.	Identifica correctamente algúns acordes ou funcións, pero mantén confusións frecuentes que impiden un recoñecemento suficientemente consistente.	Recoñece correctamente a maior parte dos acordes das diferentes funcións harmónicas e distingue funcionalmente os acordes de 7ª de dominante, 7ª de sensible e 7ª diminuída, aínda que pode presentar confusións ocasionais.	Recoñece os diferentes acordes e funcións con precisión e estabilidade, con confusións escasas e puntuais.	Recoñece de maneira moi precisa e consistente os diferentes acordes e funcións harmónicas, distinguindo con seguridade os tipos de 7ª traballados.
IL3.2 ***20%***	Non consegue realizar de maneira recoñecible os tipos de cadencia requiridos ou presenta erros reiterados na súa estrutura e nos acordes empregados.	Realiza correctamente algunhas cadencias ou nalgunhas tonalidades, pero mantén erros frecuentes na sucesión dos acordes ou no emprego das 7ªs correspondentes.	Realiza os diferentes tipos de cadencia, incluída a cadencia dobre, nas tonalidades propias do nivel, empregando funcionalmente os acordes requiridos, aínda que poden aparecer erros ocasionais.	Realiza as diferentes cadencias con precisión e estabilidade nas tonalidades traballadas, empregando correctamente os acordes de 7ª de dominante e 7ª diminuída, con erros escasos.	Realiza de maneira moi precisa e consistente os diferentes procesos cadenciais nas tonalidades correspondentes ao nivel, integrando correctamente os acordes requiridos.
IL3.3 ***35%***	Non consegue manter a estrutura harmónica proposta ou presenta erros reiterados na selección, constitución, función ou posición dos acordes requiridos.	Mantén parcialmente a estrutura, pero aparecen erros frecuentes na utilización dos distintos tipos de acordes, funcións ou posicións.	Realiza correctamente a estrutura empregando o vocabulario harmónico propio do curso e as posicións requiridas, aínda que pode presentar erros ocasionais.	Realiza as estruturas con precisión e estabilidade, empregando correctamente os diferentes acordes, funcións e posicións, con erros escasos e puntuais.	Realiza de maneira moi precisa e consistente as estruturas propostas, integrando correctamente ao longo de toda a realización o vocabulario harmónico e as posicións correspondentes ao nivel.
IL3.4 ***15%***	Non consegue incorporar apoios e retardos de maneira funcional ou a súa utilización produce desaxustes reiterados coa estrutura harmónica.	Incorpora algún dos recursos correctamente, pero presenta erros frecuentes na súa preparación, resolución ou integración.	Incorpora apoios e retardos de maneira funcional na maior parte da estrutura, aínda que poden aparecer erros ocasionais na súa realización.	Incorpora apoios e retardos con corrección e estabilidade, integrándoos coherentemente na estrutura harmónica e con erros escasos.	Incorpora de maneira moi precisa e consistente apoios e retardos, integrándoos con naturalidade e corrección ao longo da estrutura harmónica.
IL3.5 ***15%***	Non consegue aplicar unha formulación rítmica de maneira funcional á estrutura harmónica ou perde reiteradamente o patrón empregado.	Aplica algunhas formulacións rítmicas, pero con erros ou interrupcións frecuentes que dificultan a súa integración coa estrutura harmónica.	Aplica diferentes formulacións rítmicas á estrutura harmónica e mantén funcionalmente o patrón empregado, aínda que poden aparecer desaxustes ocasionais.	Aplica diferentes formulacións rítmicas con estabilidade e mantén o patrón de maneira consistente ao longo da estrutura.	Aplica con moita precisión e consistencia as diferentes formulacións rítmicas traballadas, integrándoas de maneira estable ao longo de toda a estrutura.

CE4. Realizar cifrados e acompañamentos adecuados ao nivel do curso, aplicando instrumentalmente a información harmónica indicada e integrando, cando corresponda, a melodía.

Indicadores de logro

IL4.1. Realiza baixos cifrados empregando acordes tríades maiores, menores, aumentados e diminuídos, acordes de 7ª sen función de dominante, de 7ª de dominante, de 7ª de sensible e de 7ª diminuída, principais e secundarias, en todas as posicións e en tonalidades de ata sete alteracións, incluíndo procesos de modulación diatónica e cromática.

IL4.2. Incorpora notas de paso, floreos, apoiaturas e retardos na realización de baixos cifrados.

IL4.3. Realiza acompañamentos a partir dun cifrado anglosaxón empregando fórmulas de acompañamento adecuadas ao carácter e ao estilo do fragmento.

IL4.4. Integra a melodía na realización dun acompañamento a partir dun cifrado anglosaxón.

IL4.5. Elabora un acompañamento harmónico-rítmico para unha melodía proposta, empregando o vocabulario harmónico propio do curso e realizándoo coa man esquerda ou con ambas as mans.

	1–2	3–4	5–6	7–8	9–10
IL4.1 ***30%***	Non interpreta funcionalmente o cifrado ou presenta erros reiterados na constitución, función ou posición dos acordes e nos procesos de modulación.	Interpreta correctamente parte do cifrado, pero os erros frecuentes nos acordes, posicións ou modulacións alteran de maneira apreciable a realización.	Realiza correctamente a maior parte do baixo cifrado empregando o vocabulario harmónico e os procesos de modulación propios do curso, aínda que poden aparecer erros ocasionais.	Realiza o baixo cifrado con precisión e estabilidade, empregando correctamente os distintos acordes, posicións e procesos de modulación, con erros escasos e puntuais.	Realiza o baixo cifrado de maneira moi precisa e consistente, integrando correctamente ao longo de toda a realización o vocabulario harmónico, as posicións e os procesos de modulación propios do curso.
IL4.2 ***15%***	Non emprega funcionalmente os recursos traballados ou a súa utilización produce desaxustes reiterados coa estrutura harmónica.	Emprega correctamente algún dos recursos, pero presenta erros frecuentes na súa preparación, resolución ou integración.	Incorpora notas de paso, floreos, apoiaturas e retardos de maneira funcional na maior parte da realización, aínda que poden aparecer erros ocasionais.	Emprega estes recursos con corrección e estabilidade, integrándoos coherentemente na realización do baixo cifrado e con erros escasos.	Emprega de maneira moi precisa e consistente os diferentes recursos traballados, integrándoos con naturalidade na realización harmónica.
IL4.3 ***20%***	Non transforma de maneira funcional o cifrado anglosaxón nun acompañamento ou	Realiza correctamente parte do cifrado, pero presenta erros frecuentes nos acordes,	Realiza o acompañamento a partir do cifrado con acordes	Realiza o acompañamento con precisión e estabilidade,	Realiza de maneira moi precisa e consistente o acompa-

	non mantén unha fórmula de acompañamento recoñecible.	na estabilidade da fórmula ou na súa adecuación ao fragmento.	correctos e unha fórmula funcional e suficientemente adecuada ao carácter e ao estilo do fragmento, aínda que poden aparecer desaxustes ocasionais.	empregando unha fórmula coherente co carácter e co estilo e manténdoa de maneira consistente.	ñamento indicado polo cifrado, integrando con naturalidade unha fórmula adecuada ao carácter e ao estilo do fragmento.
IL4.4 ***15%***	A incorporación da melodía impide manter de maneira funcional o acompañamento ou a propia liña melódica, producíndose erros ou interrupcións reiterados.	Integra melodía e acompañamento en determinados tramos, pero presenta desaxustes frecuentes entre ambos que comprometen a realización conxunta.	Integra melodía e acompañamento de maneira funcional durante a maior parte do fragmento, aínda que poden aparecer desaxustes ocasionais entre ambas partes.	Integra melodía e acompañamento con estabilidade, mantendo coordinadas ambas funcións con desaxustes escasos e puntuais.	Integra melodía e acompañamento de maneira moi consistente, mantendo ambas funcións claramente coordinadas ao longo de toda a realización.
IL4.5 ***20%***	Non consegue construír un acompañamento harmónico-rítmico coherente coa melodía proposta ou presenta incompatibilidades reiteradas entre ambos elementos.	Constrúe un acompañamento parcialmente coherente coa melodía, pero presenta erros ou desaxustes frecuentes na relación harmónica ou rítmica.	Realiza un acompañamento harmónico-rítmico funcional e coherente coa melodía proposta, empregando o vocabulario harmónico propio do curso e o manual esquerdo ou os dous manuais, aínda que poden aparecer desaxustes ocasionais.	Realiza un acompañamento coherente e estable, empregando adecuadamente o vocabulario harmónico e adaptando a formulación rítmica á melodía proposta.	Realiza de maneira moi consistente un acompañamento harmónico-rítmico plenamente coherente coa melodía proposta, integrando con precisión melodía, harmonía e ritmo.

CE5. Improvisar frases, fragmentos e pequenas pezas a partir de estruturas harmónicas adecuadas ao nivel do curso, desenvolvendo e organizando con coherencia o material melódico-rítmico e aplicando os recursos harmónicos, fraseolóxicos e estilísticos traballados.

Indicadores de logro

IL5.1. Desenvolve unha liña melódica coherente coa estrutura harmónica proposta, empregando o vocabulario harmónico propio do curso.

IL5.2. Desenvolve e transforma o material melódico-rítmico mediante procedementos de variación e desenvolvemento motívico e formulacións rítmicas propias dos estilos traballados.

IL5.3. Organiza o discurso improvisado mediante a subdivisión interna da frase e estruturas binarias e ternarias.

IL5.4. Emprega notas reais, de paso, floreos, apoiaturas e anticipacións na elaboración melódica.

IL5.5. Desenvolve improvisacións sobre a forma blues, mantendo unha organización harmónica, formal e rítmica coherente.

	1–2	**3–4**	**5–6**	**7–8**	**9–10**
IL5.1 ***30%***	A liña melódica non mantén unha relación funcional coa estrutura harmónica e presenta desaxustes reiterados cos acordes sobre os que se desenvolve.	Mantén unha relación coherente coa harmonía nalgúns tramos, pero presenta desaxustes frecuentes que debilitan a correspondencia entre melodía e estrutura harmónica.	Desenvolve unha liña melódica globalmente coherente coa estrutura harmónica e co vocabulario propio do curso, aínda que poden aparecer desaxustes ocasionais.	Desenvolve a liña melódica con estabilidade e boa correspondencia coa estrutura harmónica, empregando adecuadamente o vocabulario traballado e con desaxustes escasos.	Desenvolve de maneira moi consistente unha liña melódica plenamente coherente coa estrutura harmónica, integrando con precisión o vocabulario propio do curso ao longo da improvisación.
IL5.2 ***25%***	O material melódico-rítmico aparece pouco relacionado ou repetitivo e non se aprecia un desenvolvemento funcional dos motivos nin das fórmulas empregadas.	Introduce algunhas transformacións dos motivos ou fórmulas rítmicas, pero o desenvolvemento resulta irregular, pouco claro ou pouco relacionado co estilo traballado.	Desenvolve os motivos mediante procedementos de variación e emprega fórmulas rítmicas recoñecibles dos estilos traballados, aínda que algunhas transformacións poden resultar pouco definidas.	Desenvolve e transforma os motivos con claridade e estabilidade, integrando adecuadamente fórmulas rítmicas características do estilo.	Desenvolve de maneira moi consistente os motivos mediante procedementos variados e relacionados, integrando con naturalidade as fórmulas rítmicas características dos estilos traballados.
IL5.3 ***15%***	O discurso aparece fragmentado ou sen unha organización fraseolóxica recoñecible e non se perciben relacións binarias ou ternarias funcionais.	Aparecen intentos de organización fraseolóxica, pero a subdivisión interna ou as relacións binarias e ternarias son irregulares ou pouco claras.	Organiza o discurso mediante unha subdivisión fraseolóxica funcional e estruturas binarias ou ternarias recoñecibles, aínda que poden aparecer desequilibrios ocasionais.	Organiza con claridade e estabilidade as frases e as súas subdivisións, mantendo relacións binarias ou ternarias coherentes.	Organiza de maneira moi clara e consistente o discurso improvisado, integrando con naturalidade a subdivisión interna da frase e as estruturas binarias e ternarias.
IL5.4 ***15%***	Emprega de maneira incorrecta ou moi limitada os recursos melódicos traballados, producindo desaxustes reiterados na elaboración da liña.	Emprega correctamente algúns dos recursos, pero presenta erros frecuentes ou unha utilización pouco consistente.	Emprega correctamente notas reais, notas de paso, floreos, apoiaturas e anticipacións na maior parte da improvisación, aínda que poden aparecer erros ocasionais.	Emprega estes recursos con corrección e estabilidade, integrándoos coherentemente na elaboración melódica e con erros escasos.	Emprega de maneira moi precisa e consistente os diferentes recursos melódicos traballados, integrándoos con naturalidade no desenvolvemento da improvisación.
IL5.5 ***15%***	Non mantén de maneira recoñecible a organización harmónica e formal básica do blues, polo que a improvisación perde a referencia estrutural.	Mantén parcialmente a forma, pero presenta desaxustes frecuentes na organización harmónica, formal ou rítmica.	Desenvolve unha improvisación funcional sobre a forma blues, mantendo globalmente a súa organización harmónica,	Desenvolve a improvisación sobre a forma blues con estabilidade e coherencia, mantendo con claridade a súa organización harmónica, formal e rítmica.	Desenvolve de maneira moi consistente a improvisación sobre a forma blues, integrando con naturalidade e precisión a súa organización harmónica, formal e rítmica.

		formal e rítmica, aínda que poden aparecer desaxustes ocasionais.		

Mínimos esixibles

Para superar a materia será necesario, ademais de obter unha cualificación global ponderada igual ou superior a **5**, alcanzar como mínimo a franxa **5–6** en todos os indicadores establecidos como mínimos de logro.

Mínimos de logro

IL1.4. Mantén a continuidade da execución, evitando interrupcións innecesarias.
IL2.2. Transporta fragmentos musicais a intervalos de 2ª maior, 2ª menor, 3ª maior, 3ª menor e 4ª xusta, ascendente e descendente, nas diferentes modalidades acordeonísticas.
IL3.2. Realiza os diferentes tipos de cadencias, incluída a cadencia dobre, en tonalidades de ata sete alteracións, empregando acordes de 7ª de dominante e 7ª diminuída.
IL3.3. Realiza estruturas harmónicas empregando acordes tríades e cuatríades sen función de dominante, así como acordes de 7ª de dominante, 7ª de sensible e 7ª diminuída, principais e secundarias, en todas as posicións.
IL4.3. Realiza acompañamentos a partir dun cifrado anglosaxón empregando fórmulas de acompañamento adecuadas ao carácter e ao estilo do fragmento.
IL5.1. Desenvolve unha liña melódica coherente coa estrutura harmónica proposta, empregando o vocabulario harmónico propio do curso.

Para considerar alcanzado cada un destes mínimos será necesario obter como mínimo unha valoración correspondente á franxa **5–6** da súa rúbrica.

Procedementos e instrumentos de avaliación

Entre os procedementos de avaliación teranse en conta os seguintes:

→ Observación sistemática, diaria e directa das actividades e realizacións prácticas desenvolvidas na aula.
→ Análise das producións e traballos realizados polo alumnado, incluídas, cando proceda, gravacións ou outras evidencias que permitan valorar a súa evolución.

Como instrumentos:

→ Caderno de aula do profesor.
→ Rúbricas de avaliación.
→ Listas de cotexo.

Os diferentes procedementos e instrumentos utilizaranse en función dos criterios de avaliación e dos indicadores de logro que se pretendan valorar.

Temporalización da avaliación

Segundo o momento no que se recolla a información, a avaliación será:

→ **Inicial:** realizarase ao comezo do curso e sempre que se inicie un novo proceso de aprendizaxe, co obxecto de coñecer o punto de partida do alumnado e orientar a planificación do proceso de ensino-aprendizaxe. Poderá basearse na observación, en actividades prácticas ou en cuestións de carácter oral.

→ **Continua:** desenvolverase ao longo de todo o curso e permitirá identificar os logros e as dificultades do alumnado, seguir a súa evolución e introducir os axustes necesarios no proceso de ensino-aprendizaxe. Para iso recolleranse de maneira sistemática evidencias das aprendizaxes realizadas.
→ **Final:** permitirá valorar, ao remate do curso, o grao de adquisición das aprendizaxes a partir das evidencias obtidas ao longo do proceso de avaliación continua.

Para garantir unha avaliación continua e obxectiva será necesaria a recollida de evidencias suficientes ao longo do curso. Cando, como consecuencia dunha asistencia insuficiente ou por outras circunstancias, non se dispoña de evidencias suficientes para valorar un ou varios criterios de avaliación ou indicadores de logro, realizaranse as actividades ou probas específicas necesarias para obter esas evidencias. En todo caso, as evidencias así obtidas valoraranse de acordo cos mesmos criterios de avaliación, indicadores de logro e rúbricas establecidos para o curso, sen alterar os mínimos esixibles nin os criterios de cualificación.

Criterios de cualificación

A cualificación obterase a partir da valoración dos criterios de avaliación e dos seus indicadores de logro.

Cada indicador será valorado nunha escala de 1 a 10 mediante a rúbrica correspondente. A cualificación de cada criterio calcularase aplicando a ponderación establecida para os seus indicadores e, posteriormente, aplicaranse as porcentaxes asignadas aos distintos criterios para obter a cualificación global.

En 6º de Grao Profesional, os criterios de avaliación terán a seguinte ponderación:

Criterio de avaliación	Ponderación
CE1	20 %
CE2	20 %
CE3	20 %
CE4	20 %
CE5	20 %
Total	100 %

As cualificacións trimestrais reflectirán o nivel de logro alcanzado polo alumnado no momento de cada avaliación. Cando nun trimestre aínda non se dispoña de evidencias suficientes para valorar algún criterio ou indicador, a cualificación calcularase proporcionalmente a partir dos que puideron ser avaliados.

A cualificación final reflectirá o grao de logro alcanzado ao remate do curso nos diferentes criterios de avaliación e indicadores de logro, tendo en conta o conxunto das evidencias recollidas durante o proceso de avaliación continua. Para determinar este nivel considerarase o desempeño que o alumnado mostre de maneira representativa e suficientemente estable, polo que un resultado puntual de nivel superior non determinará por si só a cualificación final.

De acordo coa Orde do 8 de febreiro de 2008, pola que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas profesionais de música, a cualificación final será consecuencia da valoración das aprendizaxes específicas da materia e da madureza académica acadada polo alumnado en relación cos obxectivos xerais das ensinanzas de música, no marco do proceso de avaliación continua.

Para superar a materia será necesario cumprir simultaneamente os seguintes requisitos:

→ obter unha cualificación global ponderada igual ou superior a **5**;
→ alcanzar, como mínimo, a franxa **5–6** en todos os indicadores establecidos como mínimos de logro.

Cando a cualificación global ponderada sexa igual ou superior a 5 pero non se cumpra algún dos mínimos de logro establecidos para o curso, a cualificación final será **4**.

O resultado da avaliación final expresarase mediante unha escala numérica de 1 a 10, sen decimais. Consideraranse positivas as cualificacións iguais ou superiores a 5 e negativas as inferiores a 5. Para obter unha cualificación positiva será necesario alcanzar unha cualificación global ponderada igual ou superior a 5 antes de expresala sen decimais; unha cualificación inferior a 5 non poderá converterse en positiva por efecto do redondeo.

Para o alumnado con avaliación negativa, o profesor da materia elaborará un informe sobre os obxectivos e contidos non acadados, indicando tamén os criterios de avaliación e indicadores de logro que requiran recuperación e propoñendo as actividades necesarias para a súa superación.

8.3.4 Medidas de recuperación

Procedementos de recuperación ordinarios

Dado o carácter continuo da avaliación, a recuperación das aprendizaxes non acadadas desenvolverase ao longo do propio proceso de ensino-aprendizaxe. O profesor identificará os criterios de avaliación e indicadores de logro nos que o alumnado presente dificultades e proporá as actividades de reforzo, revisión ou estudo que resulten necesarias.

A recuperación poderá realizarse mediante a revisión dos exercicios e actividades traballadas, a realización de novas actividades, a adaptación das estratexias de estudo ou outras tarefas que permitan superar as dificultades detectadas. Cando sexa necesario, recolleranse novas evidencias para comprobar o grao de logro alcanzado.

Poderán empregarse tamén, cando estean dispoñibles e se consideren adecuados, outros recursos de apoio ou reforzo organizados polo centro.

Probas extraordinarias

O alumnado que non supere a materia na avaliación ordinaria poderá realizar unha proba extraordinaria na que deberá demostrar o grao de adquisición dos criterios de avaliación e indicadores de logro establecidos para o curso.

A proba incluirá actividades de repentización, transposición, realización harmónica, cifrado e acompañamento e improvisación, adecuadas ao nivel de 6º de Grao Profesional, de maneira que permitan obter evidencias suficientes dos criterios de avaliación e indicadores de logro establecidos para o curso.

Cando sexa necesario, poderán realizarse varias tarefas dentro dun mesmo ámbito ou actividades complementarias que permitan obter evidencias suficientes daqueles criterios ou indicadores que non poidan ser valorados adecuadamente mediante unha única realización.

A avaliación da proba realizarase empregando os mesmos criterios de avaliación, indicadores de logro, rúbricas e ponderacións establecidos para o curso.

Para superar a proba será necesario cumprir simultaneamente os seguintes requisitos:

→ obter unha cualificación global ponderada igual ou superior a **5**;

→ alcanzar, como mínimo, a franxa **5–6** en todos os indicadores establecidos como mínimos de logro.

Cando a cualificación global ponderada sexa igual ou superior a 5 pero non se cumpra algún dos mínimos de logro establecidos para o curso, a cualificación da proba extraordinaria será **4**.

O resultado expresarase mediante unha escala numérica de 1 a 10, sen decimais. Consideraranse positivas as cualificacións iguais ou superiores a 5 e negativas as inferiores a 5. Para obter unha cualificación positiva será necesario alcanzar unha cualificación global ponderada igual ou superior a 5 antes de expresala sen decimais; unha cualificación inferior a 5 non poderá converterse en positiva por efecto do redondeo.

Se o alumno ou alumna non comparece á proba extraordinaria, consignarase como **Non Presentado (NP)**, coa consideración que estableza a normativa aplicable.

8.3.5 Recursos didácticos

- Abbott, Alain: *Cours complet de lecture à vue*. Editorial Henry Lemoine.
- Asins Arbó, Miguel: 101 Ejercicios para la práctica de la repentización y el transporte al piano. Editorial Real Musical.
- Asins Arbó, Miguel: *Bajo cifrado. Ejercicios progresivos*. Editorial Unión Musical.
- Asins, Molina, Williart: *El Acompañamiento de la Melodía*. Editorial Real Musical.
- Cisneros, Doña, Rodríguez, Molina: *Improvisación y Acompañamiento*. Editorial Enclave Creativa.
- Cortada, María Lluisa: *Teoría y práctica del bajo continuo*. Editorial Dinsic.
- Doupond, Gerard: *Método de transposición*. Editorial Boileau.
- Hal Leonard Publishing Corporation: *The Real Book*. Ed. Hal Leonard.
- López Artiga, Ángeles: Método de acompañamiento improvisado para instrumentos de teclado. Piles, Editorial de Música.
- Molina, Emilio: *Improvisación al piano,* vols. 1-4. Editorial Real Musical.
- Progris, James: *A Modern Method for Keyboard Study*, vols. 1-4. Editorial Hal Leonard.
- Santacana, Benjamí: *El piano a primera vista*. Editorial de Música Boileau.
- Tobin, Raymond: How to improvise piano accompaniments. Real Musical.

9 Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica

Seguindo o establecido no artigo 2º da Orde do 8 de febreiro de 2008 pola que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas profesionais de música, no cal se indica que a avaliación terá un carácter formativo e orientador do proceso educativo e proporcionará unha información constante que permita mellorar tanto os procesos coma os resultados da intervención educativa, desde o departamento levarase a cabo tanto a avaliación do proceso de aprendizaxe, coma a avaliación da programación didáctica e da labor docente.

Ao finalizar o curso realizarase unha avaliación co fin de analizar a adecuación dos elementos curriculares ás necesidades específicas e nivel do alumnado; a idoneidade e a adecuación entre criterios de avaliación, técnicas e procedementos, así coma entre criterios de avaliación, contidos e obxectivos; a adecuación, eficiencia e coherencia dos criterios metodolóxicos; a atención á diversidade, a adecuación das actividades aos intereses e ritmos de aprendizaxe do alumnado; os criterios para a elección

de medios e recursos didácticos e a súa adecuación aos obxectivos propostos; a xestión do clima da aula e a relación co alumnado e as familias.

10 Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento

As reunións do departamento serán o foro onde se realice, de forma permanente, a avaliación interna das estratexias metodolóxicas do departamento, valorando o grao de cumprimento da programación, os resultados académicos, os resultados artísticos, etc. Todo isto, tendo en conta a idiosincrasia propia das materias do departamento, así como a individualidade de cada un dos alumnos.

Comentarase regularmente os resultados globais de cada avaliación en calquera cuestión que os membros do departamento consideren oportuna. Trasladaranse á Comisión de Coordinación Pedagóxica os puntos que os profesores estimen necesarios. Finalmente, revisaranse as porcentaxes finais de aprobados e suspensos e unificaranse criterios para obter un óptimo desenvolvemento musical, artístico e instrumental dos alumnos.

Por outra banda, dentro desta avaliación interna, terase en conta os medios físicos e humanos cos que conta o departamento: material impreso, instrumentos e o seu estado, ordenadores, equipos de audio, software, mobiliario adecuado, orzamento para actividades, cursos, clases maxistrais, dispoñibilidade de aulas para clases de apoio, número de profesores axeitado en relación coa demanda, cursos de formación específicos para o profesorado e flexibilidade para a súa reciclaxe, flexibilidade para a realización de proxectos artísticos por parte dos profesores etc. En definitiva, os medios básicos para alcanzar un ensino profesional de calidade que permita ao profesorado e alumnado levar a cabo os obxectivos que a programación expón.

11 Anexos

11.1 Proba de acceso a 5º de Grao Profesional

1. Contido da proba

A proba de acceso ao 5º curso de Grao Profesional constará dos exercicios establecidos na normativa vixente. A materia de Repentización e Acompañamento formará parte do exercicio teórico-práctico destinado a valorar os coñecementos das materias dos cursos anteriores ao que se opta.

A parte correspondente a Repentización e Acompañamento estará fundamentada nas aprendizaxes establecidas nesta programación para 4º de Grao Profesional e incluirá actividades que permitan valorar os seguintes ámbitos:

→ repentización;
→ transposición e lectura de instrumentos transpositores;
→ recoñecemento auditivo e realización harmónica;
→ cifrado e acompañamento;
→ improvisación.

As actividades propostas poderán valorar de maneira integrada aprendizaxes pertencentes a varios destes ámbitos.

2. Criterios de avaliación

CE1. Repentizar partituras adecuadas ao nivel do curso, como solista ou acompañante, empregando unha observación previa eficaz e mantendo unha execución precisa, continua e musicalmente coherente.

Indicadores de logro

IL1.1. Identifica na análise previa os elementos relevantes do texto para orientar a lectura.
IL1.2. Anticipa durante a lectura a información relevante para continuar a execución.
IL1.3. Reproduce con precisión suficiente o texto musical escrito durante a lectura.
IL1.4. Mantén a continuidade da execución, evitando interrupcións innecesarias.
IL1.5. Mantén a estabilidade temporal durante a execución.
IL1.6. Integra na lectura as indicacións expresivas presentes na partitura.

CE2. Transportar fragmentos musicais e estruturas harmónicas adecuados ao nivel do curso, aplicando os procedementos de transposición correspondentes, e realizar a lectura de instrumentos transpositores.

Indicadores de logro

IL2.1. Aplica a técnica e a mecánica tradicional do transporte.
IL2.2. Transporta fragmentos musicais a intervalos de 2ª maior e 2ª menor, ascendente e descendente, nas diferentes modalidades acordeonísticas.
IL2.3. Transporta estruturas harmónicas que conteñan os graos tonais a intervalos de 2ª maior e 2ª menor, en tonalidades de ata tres alteracións.
IL2.4. Realiza a lectura de partituras de instrumentos transpositores en si♭.

CE3. Realizar instrumentalmente estruturas harmónicas breves adecuadas ao nivel do curso, aplicando os elementos e procedementos harmónicos traballados.

Indicadores de logro

IL3.1. Recoñece auditivamente o acorde principal de cada función harmónica.
IL3.2. Realiza as cadencias auténtica, plagal, semicadencia e rota en tonalidades de ata tres alteracións.
IL3.3. Realiza estruturas harmónicas de catro ou oito compases empregando acordes tríades maiores, menores, aumentados e diminuídos e acordes de 7ª de dominante en todas as posicións.
IL3.4. Realiza enlaces entre acordes aplicando os movementos das voces traballados.
IL3.5. Aplica diferentes formulacións rítmicas á realización de estruturas harmónicas.

CE4. Realizar cifrados e acompañamentos adecuados ao nivel do curso, aplicando instrumentalmente a información harmónica indicada e integrando, cando corresponda, a melodía.

Indicadores de logro

IL4.1. Realiza baixos cifrados empregando acordes tríades maiores, menores, aumentados e diminuídos e acordes de 7ª de dominante en todas as posicións, incluíndo modulacións á tonalidade da dominante e ao relativo menor.
IL4.2. Realiza acompañamentos a partir dun cifrado anglosaxón empregando unha formulación rítmica adecuada.

IL4.3. Integra a melodía na realización do acompañamento a partir dun cifrado anglosaxón.
IL4.4. Realiza un acompañamento harmónico-rítmico a unha melodía proposta.

CE5. Improvisar fragmentos breves a partir de estruturas harmónicas adecuadas ao nivel do curso, desenvolvendo e organizando con coherencia o material melódico-rítmico.

Indicadores de logro
IL5.1. Desenvolve unha liña melódica coherente coa estrutura harmónica proposta.
IL5.2. Emprega diferentes formulacións rítmicas simples no desenvolvemento da liña improvisada.
IL5.3. Organiza o material melódico de acordo cos principios de pregunta-resposta.
IL5.4. Emprega notas reais, notas de paso e floreos na elaboración melódica.

3. Criterios de cualificación

A cualificación da parte correspondente a Repentización e Acompañamento obterase a partir da valoración dos criterios e indicadores establecidos anteriormente.

Criterio de avaliación	Ponderación
CE1	20 %
CE2	20 %
CE3	20 %
CE4	20 %
CE5	20 %
Total	100 %

Dentro de cada criterio aplicaranse as mesmas ponderacións dos indicadores de logro e as mesmas rúbricas establecidas para 4º de Grao Profesional nesta programación.

As diferentes actividades realizadas durante a proba constituirán as fontes de evidencia para a aplicación dos criterios e indicadores establecidos e non recibirán unha ponderación independente polo feito de seren exercicios de repentización, transposición, realización harmónica, cifrado, acompañamento ou improvisación.

Na valoración do CE1 aplicarase igualmente o axuste da cualificación segundo o tempo de execución establecido para 4º de Grao Profesional.

A cualificación resultante desta parte integrarase na cualificación do exercicio teórico-práctico da proba de acceso de acordo coa organización establecida polo centro.

11.2 Proba de acceso a 6º de Grao Profesional

1. Contido da proba

A proba de acceso ao 6º curso de Grao Profesional constará dos exercicios establecidos na normativa vixente. A materia de Repentización e Acompañamento formará parte do exercicio teórico-práctico destinado a valorar os coñecementos das materias dos cursos anteriores ao que se opta.

A parte correspondente a Repentización e Acompañamento estará fundamentada nas aprendizaxes establecidas nesta programación para 5º de Grao Profesional e incluirá actividades que permitan valorar os seguintes ámbitos:

→ repentización e redución;

→ transposición e lectura de instrumentos transpositores;
→ recoñecemento auditivo e realización harmónica;
→ cifrado e acompañamento;
→ improvisación.

As actividades propostas poderán valorar de maneira integrada aprendizaxes pertencentes a varios destes ámbitos.

2. Criterios de avaliación

CE1. Repentizar partituras adecuadas ao nivel do curso, como solista, acompañante ou integrante dun conxunto, e realizar reducións sinxelas, empregando unha observación previa eficaz e mantendo unha execución precisa, continua e musicalmente coherente.

Indicadores de logro
IL1.1. Identifica na análise previa os elementos melódicos, harmónicos, rítmicos e formais relevantes para orientar a lectura.
IL1.2. Anticipa durante a lectura a información relevante para continuar a execución.
IL1.3. Reproduce con precisión suficiente o texto musical escrito, incluídas as texturas a dúas e tres voces propias do curso.
IL1.4. Mantén a continuidade da execución, evitando interrupcións innecesarias.
IL1.5. Mantén a estabilidade temporal durante a execución.
IL1.6. Integra na lectura as indicacións expresivas presentes na partitura.
IL1.7. Reduce partituras vocais e instrumentais de escasa dificultade a tres voces, conservando os elementos musicais esenciais.

CE2. Transportar fragmentos musicais e estruturas harmónicas adecuados ao nivel do curso, aplicando os procedementos de transposición correspondentes, e realizar a lectura de instrumentos transpositores.

Indicadores de logro
IL2.1. Aplica a técnica e a mecánica tradicional do transporte.
IL2.2. Transporta fragmentos musicais a intervalos de 2ª maior, 2ª menor, 3ª maior e 3ª menor, ascendente e descendente, nas diferentes modalidades acordeonísticas.
IL2.3. Transporta estruturas harmónicas a intervalos de 2ª maior, 2ª menor, 3ª maior e 3ª menor, en tonalidades de ata cinco alteracións.
IL2.4. Realiza a lectura de partituras de instrumentos transpositores en si♭ a dous pentagramas.

CE3. Realizar instrumentalmente estruturas harmónicas adecuadas ao nivel do curso, aplicando os elementos e procedementos harmónicos traballados.

Indicadores de logro
IL3.1. Recoñece auditivamente os acordes das diferentes funcións harmónicas e o acorde de 7ª de dominante.
IL3.2. Realiza as cadencias auténtica, plagal, semicadencia e rota en tonalidades de ata cinco alteracións, empregando acordes de 7ª de dominante.

IL3.3. Realiza estruturas harmónicas de catro ou oito compases fundamentadas nos diferentes graos dunha tonalidade, empregando acordes tríades maiores, menores, aumentados e diminuídos e acordes de 7ª de dominante principal e secundarias en todas as posicións.
IL3.4. Aplica diferentes formulacións rítmicas á realización de estruturas harmónicas.

CE4. Realizar cifrados e acompañamentos adecuados ao nivel do curso, aplicando instrumentalmente a información harmónica indicada e integrando, cando corresponda, a melodía.

Indicadores de logro
IL4.1. Realiza baixos cifrados empregando acordes tríades maiores, menores, aumentados e diminuídos e acordes de 7ª de dominante e 7ª diminuída, principais e secundarias, en todas as posicións e en tonalidades de ata cinco alteracións, incluíndo procesos de modulación diatónica a tons veciños.
IL4.2. Incorpora notas de paso, floreos, apoiaturas e retardos na realización de baixos cifrados.
IL4.3. Realiza acompañamentos a partir dun cifrado anglosaxón empregando unha formulación rítmica adecuada.
IL4.4. Integra a melodía na realización do acompañamento a partir dun cifrado anglosaxón.
IL4.5. Realiza un acompañamento harmónico-rítmico a unha melodía proposta, empregando o manual esquerdo ou os dous manuais.

CE5. Improvisar fragmentos musicais a partir de estruturas harmónicas adecuadas ao nivel do curso, desenvolvendo e organizando con coherencia o material melódico-rítmico e aplicando os recursos traballados.

Indicadores de logro
IL5.1. Desenvolve unha liña melódica coherente coa estrutura harmónica proposta, empregando o vocabulario harmónico propio do curso.
IL5.2. Desenvolve o material melódico-rítmico mediante procedementos de variación e desenvolvemento de motivos en compases simples e compostos.
IL5.3. Organiza o material melódico de acordo cos principios de pregunta-resposta.
IL5.4. Emprega notas reais, notas de paso, floreos, apoiaturas e anticipacións na elaboración melódica.
IL5.5. Improvisa sobre a progresión harmónica básica do blues empregando a escala e os motivos rítmicos propios do estilo.

3. Criterios de cualificación

A cualificación da parte correspondente a Repentización e Acompañamento obterase a partir da valoración dos criterios e indicadores establecidos anteriormente.

Criterio de avaliación	Ponderación
CE1	20 %
CE2	20 %
CE3	20 %
CE4	20 %
CE5	20 %
Total	100 %

Dentro de cada criterio aplicaranse as mesmas ponderacións dos indicadores de logro e as mesmas rúbricas establecidas para 5º de Grao Profesional nesta programación.

As diferentes actividades realizadas durante a proba constituirán as fontes de evidencia para a aplicación dos criterios e indicadores establecidos e non recibirán unha ponderación independente polo feito de seren exercicios de repentización, transposición, realización harmónica, cifrado, acompañamento ou improvisación.

Na valoración do CE1 aplicarase igualmente o axuste da cualificación segundo o tempo de execución establecido para 5º de Grao Profesional.

A cualificación resultante desta parte integrarase na cualificación do exercicio teórico-práctico da proba de acceso de acordo coa organización establecida polo centro.